PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 277 IX lexislatura 23 de abril de 2014

Fascículo 3

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.10. Informes sobre a disposición do fondo de continxencia

- 22256 (09/IDFC-000003)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Informe sobre a disposición do Fondo de continxencia das sección 5001 e 23 correspondente ao primeiro trimestre de 2014 66057

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

- 22391 (09/CPC-000133)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do Goberno galego, por petición propia, para informar sobre a cooperación interrexional e transfronteiriza 66064

- 22420 (09/CPC-000134)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do Goberno galego, por petición propia, para informar sobre a cooperación interrexional e transfronteiriza 66065

1.4.3. Interpelacións

- 22315 (09/INT-000780)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sobre as investigacións xudiciais en relación co financiamento, contabilidade e sobresoldos dunha formación política 66066

- 21948 (09/INT-000771)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre o dereito á prestación por desemprego dos traballadores afectados por expedientes de regulación temporal de emprego 66069

- 22114 (09/INT-000772)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa
Sobre o impacto en Galicia da redacción que presenta o Anteproxecto de lei de reforma da Lei orgánica do poder xudicial 66072

- 22150 (09/INT-000773)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a política lingüística da Xunta de Galicia 66075

- 22156 (09/INT-000774)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
García García, Pablo e 3 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa negociación de contratos entre os produtores e as industrias do sector lácteo 66078

- 22193 (09/INT-000775)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda
Sobre o impacto en Galicia da redacción que presenta o Anteproxecto de lei de reforma da Lei orgánica do poder xudicial 66080

- 22245 (09/INT-000776)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Fajardo Recouso, Juan Manuel, e Solla Fernández, Eva
Sobre as demoras na tramitación das solicitudes da renda de inserción social de Galicia 66082

1.4.4. Preguntas
1.4.4.1. Preguntas orais en Pleno
1.4.4.1.1. Preguntas orais

- 21945 (09/POP-001947)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre a avaliación polo Goberno galego das consecuencias de non repoñer o dereito á prestación por desemprego establecida no artigo 16.1 da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral 66084

- 22052 (09/POP-001948)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda
Sobre a implementación polo Goberno galego da recomendación do Valedor do Pobo referida á concesión de maneira provisional de todas aquelas solicitudes da renda de inserción social de Galicia e da axuda de emerxencia social cuxa resolución se demore máis de tres meses por causas non imputables á persoa solicitante 66087

- 22128 (09/POP-001949)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
González Santín, Juan Carlos e 2 máis
Sobre as reclamacións da Axencia Tributaria a persoas que se acolleron á dación en pagamento da súa vivenda por non poderen afrontar a súa hipoteca 66089

- 22146 (09/POP-001950)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a opinión do Goberno galego respecto do criterio da Comisión Europea de Pesca en relación co destino de fondos para o mantemento da política de despezamento de barcos ata o ano 2017 66091

- 22151 (09/POP-001951)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a valoración da Xunta de Galicia da situación do idioma galego 66094

- 22152 (09/POP-001952)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da rectificación das medidas adoptadas nos últimos cinco anos en relación coa lingua galega 66097

- 22153 (09/POP-001953)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do cumprimento efectivo do Plan xeral de normalización da lingua galega 66100

- 22171 (09/POP-001954)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e 4 máis
Sobre a adxudicación da Xefatura de Servizo de Cirurxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela 66103

- 22172 (09/POP-001955)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e 4 máis

Sobre a adxudicación da Xefatura de Servizo de Cirurxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela 66105

- 22203 (09/POP-001956)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre as medidas adoptadas pola Consellería do Medio Rural e do Mar en relación cos problemas que están a causar elevadas perdas económicas e dificultades de mantemento da actividade produtiva no sector do cultivo de mexillón 66107

- 22208 (09/POP-001957)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón
Sobre as alegacións presentadas pola Xunta de Galicia e Sogama en relación coa proposta de orde pola que se aproban os parámetros retributivos aplicables a determinadas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos 66110

- 22224 (09/POP-001958)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre os acordos parlamentarios adoptados o 21 de setembro de 2014 en relación coa aplicación e seguimento do Plan xeral de normalización da lingua galega 66112

- 22230 (09/POP-001959)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e Solla Fernández, Eva
Sobre os prazos previstos polo Goberno galego para a dispensación efectiva e gratuíta do medicamento sofosbuvir aos doentes con hepatite C que o teñan prescrito 66114

- 22237 (09/POP-001960)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Soneira Tajes, María Soledad e 3 máis
Sobre o financiamento do programa asinado pola Xunta de Galicia de mobilidade de docentes, investigadores e persoal administrativo e de servizos entre as universidades galegas e as portuguesas do ámbito xeográfico da rexión Norte de Portugal 66116

- 22239 (09/POP-001961)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Soneira Tajes, María Soledad e 3 máis
Sobre a avaliación da Xunta de Galicia da resposta do alumnado e profesorado universitario galego ao programa de bolsas de intercambio posto en marcha pola eurorrexión Galicia-Norte de Portugal 66117

- 22243 (09/POP-001962)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Fajardo Recouso, Juan Manuel
Sobre as repercusións da Orde do 31 de marzo de 2014 pola que se regula a comercialización en orixe de especies eurihalinas de interese comercial 66118

- 22249 (09/POP-001963)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a avaliación que realiza o Goberno galego do Plan de recuperación de zonas improdutivas para o marisqueo a pé 66120

- 22259 (09/POP-001964)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a opinión da Consellería do Medio Rural e do Mar respecto dos criterios da Unión Europea referidos ao financiamento da paralización definitiva da frota pesqueira artesanal galega 66123

Preguntas polo procedemento de urxencia (art. 98)

- 22316 (09/POP-001973)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sobre as investigacións xudiciais en relación co financiamento dunha formación política 66126

1.4.4.2. Preguntas orais en Comisión

- 21946 (09/POC-003128)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre a avaliación polo Goberno galego das consecuencias de non repoñer o dereito á prestación por desemprego para os traballadores afectados por expedientes de regulación temporal de emprego, establecida no artigo 16.1 da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, a súa incidencia na negociación de posibles ERTE e a demanda ao Goberno central da súa restauración 66129

- 22032 (09/POC-003129)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz e 2 máis
Sobre a posición do Goberno galego en relación coa proposta de supresión dos partidos xudiciais de Galicia e, se é o caso, as actuacións que vai levar a cabo para evitar a súa aprobación, sobre as entidades galegas do ámbito da xustiza consultadas, así como o seu parecer, e o impacto desa medida nas cidades de Vigo, Santiago e Ferrol 66132

- 22034 (09/POC-003130)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Baamonde Díaz, Agustín e 7 máis
Sobre a valoración da serie de ficción producida pola maioría das televisións autonómicas e emitida na Televisión de Galicia, así como o cumprimento dos obxectivos previstos 66136

- 22044 (09/POC-003131)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sánchez Bugallo, José Antonio e 2 máis
Sobre as datas previstas para o inicio das obras e posta en funcionamento da nova estación depuradora de augas residuais de Santiago de Compostela, na parroquia de Laraño, e as repercusións que vai ter na tarifa de saneamento que pagan os cidadáns a amortización do investimento necesario para a súa construción 66138

- 22045 (09/POC-003132)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sánchez Bugallo, José Antonio e 3 máis
Sobre as previsións actuais da Consellería de Sanidade respecto da construción, inicio e remate das obras dos centros de saúde de Teo, Milladoiro, Galeras e Conxo, na comarca de Santiago de Compostela 66140

- 22053 (09/POC-003133)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da concesión de maneira provisional de todas aquelas solicitudes da renda de inserción social de Galicia e da axuda de emerxencia social cuxa resolución se demore máis de tres meses por causas non imputables á persoa solicitante 66142

- 22094 (09/POC-003134)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel, e Prado Cores, María Montserrat
Sobre o prazo previsto pola Consellería de Traballo e Benestar para solucionar o problema de espazo que presentan as actuais instalación da Oficina de Emprego de Cangas e a posta en funcionamento dun novo local, así como as súas condicións e localización 66144

- 22113 (09/POC-003135)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa
Sobre a valoración do Goberno galego do modelo de organización territorial da Administración de xustiza previsto no Anteproxecto de lei de reforma da Lei orgánica do poder xudicial, o seu impacto en Galicia e as actuacións previstas para acadar a súa retirada 66146

- 22130 (09/POC-003136)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
González Santín, Juan Carlos e 2 máis
Sobre as reclamacións da Axencia Tributaria a persoas que se acolleron á dación en pagamento da súa vivenda por non poderen afrontar a súa hipoteca 66149

- 22147 (09/POC-003137)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar que o novo Fondo Europeo Marítimo de Pesca se destine a medidas contrarias ao mantemento do sector pesqueiro galego 66151

- 22157 (09/POC-003138)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
García García, Pablo e 3 máis
Sobre os datos referidos aos contratos subscritos en Galicia entre os produtores e as industrias do sector lácteo e as medidas adoptadas polo Goberno galego para o cumprimento da normativa vixente ao respecto, así como as previstas cara á súa nova negociación 66154

- 22169 (09/POC-003139)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e 5 máis
Sobre as irregularidades detectadas na competición de motociclismo na modalidade de enduro celebrada no concello de Tui, a súa autorización e as medidas previstas polo Goberno galego para evitar a celebración de eventos deportivos de risco sen contar coas medidas de seguridade e os requisitos necesarios 66156

- 22173 (09/POC-003140)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e 4 máis

Sobre o desenvolvemento do proceso de selección da Xefatura de Servizo de Cirurxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela 66159

- 22175 (09/POC-003141)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis
Sobre os criterios informativos seguidos pola CRTVG en relación cos membros dos distintos partidos políticos 66162

- 22176 (09/POC-003142)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis
Sobre a valoración da Dirección da CRTVG da aplicación da medida referida á posibilidade de vixilancia dos sitios web consultados e as mensaxes enviadas e recibidas nas súas contas corporativas polos seus traballadores 66164

- 22177 (09/POC-003143)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e 5 máis
Sobre as razóns da TVG para non recoller nos seus informativos os resultados da votación, o 8 de abril de 2014, na Comisión de Economía do Congreso dos Deputados, da proposta de devolución do seu diñeiro ás persoas afectadas pola comercialización das participacións preferentes que aínda non o recuperaron 66166

- 22190 (09/POC-003144)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da adaptación á normativa urbanística vixente e a modificación do asentamento previsto no proxecto de construción da estación depuradora de augas residuais de Gandarío 66168

- 22199 (09/POC-003145)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Solla Fernández, Eva e 2 máis
Sobre o anuncio da Consellería do Medio Rural e do Mar da autorización da caza de varios exemplares dunha subespecie cualificada como vulnerable segundo a listaxe vermella da Unión Internacional para a Conservación da Natureza (UICN) 66171

- 22202 (09/POC-003147)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a opinión da Consellería do Medio Rural e do Mar respecto das causas do incremento significativo da venda de bateas flotantes de cultivo de mexillón e as medidas adoptadas en relación cos problemas que están a causar elevadas perdas económicas e dificultades de mantemento da actividade produtiva do sector 66173

- 22206 (09/POC-003148)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón
Sobre a incidencia do proxecto de saneamento integral da burga Lume de Deus, de Cuntis, no seu uso tradicional pola veciñanza e a titularidade do solo e mais as razóns da Consellería de Economía e Industria para a súa autorización 66176

- 22207 (09/POC-003149)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón
Sobre as alegacións presentadas pola Xunta de Galicia e Sogama en relación coa proposta de orde pola que se aproban os parámetros retributivos aplicables a determinadas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos 66178

- 22211 (09/POC-003150)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre os datos referidos á presenza do idioma galego no cinema nos anos 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013, a valoración do Goberno galego ao respecto e as medidas previstas para evitar a súa discriminación 66180

- 22216 (09/POC-003151)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén, e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio
Sobre a valoración da Xunta de Galicia das deficiencias e problemas existentes no Colexio de Educación Infantil e Primaria de Pedrouzos, no concello de Brión, e o prazo previsto para o seu arranxo 66182

- 22217 (09/POC-003152)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén, e Paz Franco, María Tereixa
Sobre a avaliación da Xunta de Galicia respecto da situación da lingua galega na Administración de xustiza, os datos referidos ao seu uso nese ámbito nos anos 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013 e as medidas previstas ao respecto 66185

- 22223 (09/POC-003153)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as razóns da demora e as previsións do Goberno galego en relación co cumprimento dos acordos parlamentarios referidos á aplicación e seguimento do Plan xeral de normalización da lingua galega, en particular a presentación no Parlamento de Galicia da información ao respecto 66187

- 22231 (09/POC-003154)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e Solla Fernández, Eva
Sobre as razóns da demora e os prazos previstos polo Goberno galego para a dispensación efectiva e gratuíta do medicamento sofosbuvir aos doentes con hepatite C que o teñan prescrito 66189

- 22236 (09/POC-003155)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Soneira Tajes, María Soledad e 3 máis
Sobre a suficiencia do financiamento dispoñible para o cumprimento dos obxectivos do programa asinado pola Xunta de Galicia de mobilidade de docentes, investigadores e persoal administrativo e de servizos entre as universidades galegas e as portuguesas do ámbito xeográfico da rexión Norte de Portugal 66191

- 22238 (09/POC-003156)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Soneira Tajes, María Soledad e 3 máis
Sobre a avaliación da Xunta de Galicia da resposta do alumnado e profesorado universitario galego ao programa de bolsas de intercambio posto en marcha pola eurorrexión Galicia-Norte de Portugal 66192

- 22244 (09/POC-003157)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Fajardo Recouso, Juan Manuel
Sobre os motivos e os obxectivos do Goberno galego para aprobar a Orde do 31 de marzo de 2014 pola que se regula a comercialización en orixe de especies eurihalinas de interese comercial 66193

- 22250 (09/POC-003158)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a avaliación que realiza o Goberno galego do Plan de recuperación de zonas improdutivas para o marisqueo a pé 66195

- 22258 (09/POC-003159)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre os motivos da aprobación pola Consellería do Medio Rural e do Mar da Orde do 3 de abril de 2014 de concesión de axudas á paralización definitiva dos buques pesqueiros afectados polo Plan de xestión integral da pesca de baixura no caladoiro nacional do Cantábrico noroeste 66198

2.3. Réxime e goberno interior
2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior
2.3.2.2. Creación de órganos parlamentarios
2.3.2.2.1. Solicitude de creación de comisións

Escrito do G.P. dos Socialistas de Galicia polo que solicita a creación dunha comisión especial non permanente de estudo sobre os ingresos e o sistema de financiamento da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 22096) 66201

A Mesa do Parlamento, na reunión do 21 de abril de 2014, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.10. Informes sobre a disposición do fondo de continxencia

Toma de coñecemento e traslado á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, e aos grupos parlamentarios

- 22256 (09/IDFC-000003)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Informe sobre a disposición do Fondo de continxencia das sección 5001 e 23 correspondente ao primeiro trimestre de 2014

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite, traslado á Mesa da Comisión e publicación

- 22391 (09/CPC-000133)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do Goberno galego, por petición propia, para informar sobre a cooperación interrexional e transfronteiriza
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 22420 (09/CPC-000134)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do Goberno galego, por petición propia, para informar sobre a cooperación interrexional e transfronteiriza
Comisión permanente non lexislativa para Asuntos Europeos

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 22315 (09/INT-000780)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sobre as investigacións xudiciais en relación co financiamento, contabilidade e sobresoldos dunha formación política

Admisión a trámite e publicación

- 21948 (09/INT-000771)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre o dereito á prestación por desemprego dos traballadores afectados por expedientes de regulación temporal de emprego

- 22114 (09/INT-000772)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa
Sobre o impacto en Galicia da redacción que presenta o Anteproxecto de lei de reforma da Lei orgánica do poder xudicial

- 22150 (09/INT-000773)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a política lingüística da Xunta de Galicia

- 22156 (09/INT-000774)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
García García, Pablo e 3 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa negociación de contratos entre os produtores e as industrias do sector lácteo

- 22193 (09/INT-000775)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda
Sobre o impacto en Galicia da redacción que presenta o Anteproxecto de lei de reforma da Lei orgánica do poder xudicial

- 22245 (09/INT-000776)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Fajardo Recouso, Juan Manuel, e Solla Fernández, Eva
Sobre as demoras na tramitación das solicitudes da renda de inserción social de Galicia

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en Pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

Admisión a trámite e publicación

- 21945 (09/POP-001947)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat
Sobre a avaliación polo Goberno galego das consecuencias de non repoñer o dereito á prestación por desemprego establecida no artigo 16.1 da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral

- 22052 (09/POP-001948)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda
Sobre a implementación polo Goberno galego da recomendación do Valedor do Pobo referida á concesión de maneira provisional de todas aquelas solicitudes da renda de inserción social de Galicia e da axuda de emerxencia social cuxa resolución se demore máis de tres meses por causas non imputables á persoa solicitante

- 22128 (09/POP-001949)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
González Santín, Juan Carlos e 2 máis
Sobre as reclamacións da Axencia Tributaria a persoas que se acolleron á dación en pagamento da súa vivenda por non poderen afrontar a súa hipoteca

- 22146 (09/POP-001950)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a opinión do Goberno galego respecto do criterio da Comisión Europea de Pesca en relación co destino de fondos para o mantemento da política de despezamento de barcos ata o ano 2017

- 22151 (09/POP-001951)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a valoración da Xunta de Galicia da situación do idioma galego

- 22152 (09/POP-001952)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da rectificación das medidas adoptadas nos últimos cinco anos en relación coa lingua galega

- 22153 (09/POP-001953)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do cumprimento efectivo do Plan xeral de normalización da lingua galega

- 22171 (09/POP-001954)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e 4 máis
Sobre a adxudicación da Xefatura de Servizo de Cirurxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

- 22172 (09/POP-001955)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e 4 máis
Sobre a adxudicación da Xefatura de Servizo de Cirurxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

- 22203 (09/POP-001956)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre as medidas adoptadas pola Consellería do Medio Rural e do Mar en relación cos problemas que están a causar elevadas perdas económicas e dificultades de mantemento da actividade produtiva no sector do cultivo de mexillón

- 22208 (09/POP-001957)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón
Sobre as alegacións presentadas pola Xunta de Galicia e Sogama en relación coa proposta de orde pola que se aproban os parámetros retributivos aplicables a determinadas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos

- 22224 (09/POP-001958)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre os acordos parlamentarios adoptados o 21 de setembro de 2014 en relación coa aplicación e seguimento do Plan xeral de normalización da lingua galega

- 22230 (09/POP-001959)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e Solla Fernández, Eva

Sobre os prazos previstos polo Goberno galego para a dispensación efectiva e gratuíta do medicamento sofosbuvir aos doentes con hepatite C que o teñan prescrito

- 22237 (09/POP-001960)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Soneira Tajes, María Soledad e 3 máis
Sobre o financiamento do programa asinado pola Xunta de Galicia de mobilidade de docentes, investigadores e persoal administrativo e de servizos entre as universidades galegas e as portuguesas do ámbito xeográfico da rexión Norte de Portugal

- 22239 (09/POP-001961)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Soneira Tajes, María Soledad e 3 máis
Sobre a avaliación da Xunta de Galicia da resposta do alumnado e profesorado universitario galego ao programa de bolsas de intercambio posto en marcha pola eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

- 22243 (09/POP-001962)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Fajardo Recouso, Juan Manuel
Sobre as repercusións da Orde do 31 de marzo de 2014 pola que se regula a comercialización en orixe de especies eurihalinas de interese comercial

- 22249 (09/POP-001963)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a avaliación que realiza o Goberno galego do Plan de recuperación de zonas improdutivas para o marisqueo a pé

- 22259 (09/POP-001964)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a opinión da Consellería do Medio Rural e do Mar respecto dos criterios da Unión Europea referidos ao financiamento da paralización definitiva da frota pesqueira artesanal galega

Preguntas polo procedemento de urxencia (art. 98)

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 22316 (09/POP-001973)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sobre as investigacións xudiciais en relación co financiamento dunha formación política

1.4.4.2. Preguntas orais en Comisión

Admisión a trámite, asignación a Comisión e publicación

- 21946 (09/POC-003128)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre a avaliación polo Goberno galego das consecuencias de non repoñer o dereito á prestación por desemprego para os traballadores afectados por expedientes de regulación temporal de emprego, establecida no artigo 16.1 da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, a súa incidencia na negociación de posibles ERTE e a demanda ao Goberno central da súa restauración
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 22032 (09/POC-003129)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sestayo Doce, Beatriz e 2 máis
Sobre a posición do Goberno galego en relación coa proposta de supresión dos partidos xudiciais de Galicia e, se é o caso, as actuacións que vai levar a cabo para evitar a súa aprobación, sobre as entidades galegas do ámbito da xustiza consultadas, así como o seu parecer, e o impacto desa medida nas cidades de Vigo, Santiago e Ferrol
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

A Mesa admítea a trámite coa corrección de erros formfulada no doc. núm. 22043.

- 22034 (09/POC-003130)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Baamonde Díaz, Agustín e 7 máis
Sobre a valoración da serie de ficción producida pola maioría das televisións autonómicas e emitida na Televisión de Galicia, así como o cumprimento dos obxectivos previstos
Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Compañía da RTVG

- 22044 (09/POC-003131)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sánchez Bugallo, José Antonio e 2 máis

Sobre as datas previstas para o inicio das obras e posta en funcionamento da nova estación depuradora de augas residuais de Santiago de Compostela, na parroquia de Laraño, e as repercusións que vai ter na tarifa de saneamento que pagan os cidadáns a amortización do investimento necesario para a súa construción
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 22045 (09/POC-003132)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sánchez Bugallo, José Antonio e 3 máis
Sobre as previsións actuais da Consellería de Sanidade respecto da construción, inicio e remate das obras dos centros de saúde de Teo, Milladoiro, Galeras e Conxo, na comarca de Santiago de Compostela
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 22053 (09/POC-003133)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da concesión de maneira provisional de todas aquelas solicitudes da renda de inserción social de Galicia e da axuda de emerxencia social cuxa resolución se demore máis de tres meses por causas non imputables á persoa solicitante
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 22094 (09/POC-003134)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel, e Prado Cores, María Montserrat
Sobre o prazo previsto pola Consellería de Traballo e Benestar para solucionar o problema de espazo que presentan as actuais instalación da Oficina de Emprego de Cangas e a posta en funcionamento dun novo local, así como as súas condicións e localización
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 22113 (09/POC-003135)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa
Sobre a valoración do Goberno galego do modelo de organización territorial da Administración de xustiza previsto no Anteproxecto de lei de reforma da Lei orgánica do poder xudicial, o seu impacto en Galicia e as actuacións previstas para acadar a súa retirada
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 22130 (09/POC-003136)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
González Santín, Juan Carlos e 2 máis
Sobre as reclamacións da Axencia Tributaria a persoas que se acolleron á dación en pagamento da súa vivenda por non poderen afrontar a súa hipoteca
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 22147 (09/POC-003137)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar que o novo Fondo Europeo Marítimo de Pesca se destine a medidas contrarias ao mantemento do sector pesqueiro galego
Comisión Permanente non Lexislativa para Asuntos Europeos

- 22157 (09/POC-003138)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
García García, Pablo e 3 máis
Sobre os datos referidos aos contratos subscritos en Galicia entre os produtores e as industrias do sector lácteo e as medidas adoptadas polo Goberno galego para o cumprimento da normativa vixente ao respecto, así como as previstas cara á súa nova negociación
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 22169 (09/POC-003139)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e 5 máis
Sobre as irregularidades detectadas na competición de motociclismo na modalidade de enduro celebrada no concello de Tui, a súa autorización e as medidas previstas polo Goberno galego para evitar a celebración de eventos deportivos de risco sen contar coas medidas de seguridade e os requisitos necesarios
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 22173 (09/POC-003140)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 4 máis
Sobre o desenvolvemento do proceso de selección da Xefatura de Servizo de Cirurxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 22175 (09/POC-003141)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis
Sobre os criterios informativos seguidos pola CRTVG en relación cos membros dos distintos partidos políticos
Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Compañía da RTVG

- 22176 (09/POC-003142)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis
Sobre a valoración da Dirección da CRTVG da aplicación da medida referida á posibilidade de vixilancia dos sitios web consultados e as mensaxes enviadas e recibidas nas súas contas corporativas polos seus traballadores
Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Compañía da RTVG

- 22177 (09/POC-003143)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e 5 máis
Sobre as razóns da TVG para non recoller nos seus informativos os resultados da votación, o 8 de abril de 2014, na Comisión de Economía do Congreso dos Deputados, da proposta de devolución do seu diñeiro ás persoas afectadas pola comercialización das participacións preferentes que aínda non o recuperaron
Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Compañía da RTVG

- 22190 (09/POC-003144)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da adaptación á normativa urbanística vixente e a modificación do asentamento previsto no proxecto de construción da estación depuradora de augas residuais de Gandarío
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 22199 (09/POC-003145)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Solla Fernández, Eva e 2 máis
Sobre o anuncio da Consellería do Medio Rural e do Mar da autorización da caza de varios exemplares dunha subespecie cualificada como vulnerable segundo a listaxe vermella da Unión Internacional para a Conservación da Natureza (UICN)
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 22202 (09/POC-003147)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a opinión da Consellería do Medio Rural e do Mar respecto das causas do incremento significativo da venda de bateas flotantes de cultivo de mexillón e as medidas adoptadas en relación cos problemas que están a causar elevadas perdas económicas e dificultades de mantemento da actividade produtiva do sector
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 22206 (09/POC-003148)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón
Sobre a incidencia do proxecto de saneamento integral da burga Lume de Deus, de Cuntis, no seu uso tradicional pola veciñanza e a titularidade do solo e mais as razóns da Consellería de Economía e Industria para a súa autorización
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 22207 (09/POC-003149)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón
Sobre as alegacións presentadas pola Xunta de Galicia e Sogama en relación coa proposta de orde pola que se aproban os parámetros retributivos aplicables a determinadas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 22211 (09/POC-003150)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre os datos referidos á presenza do idioma galego no cinema nos anos 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013, a valora-

ción do Goberno galego ao respecto e as medidas previstas para evitar a súa discriminación
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 22216 (09/POC-003151)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén, e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio
Sobre a valoración da Xunta de Galicia das deficiencias e problemas existentes no Colexio de Educación Infantil e Primaria de Pedrouzos, no concello de Brión, e o prazo previsto para o seu arranxo
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 22217 (09/POC-003152)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén, e Paz Franco, María Tereixa
Sobre a avaliación da Xunta de Galicia respecto da situación da lingua galega na Administración de xustiza, os datos referidos ao seu uso nese ámbito nos anos 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013 e as medidas previstas ao respecto
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 22223 (09/POC-003153)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as razóns da demora e as previsións do Goberno galego en relación co cumprimento dos acordos parlamentarios referidos á aplicación e seguimento do Plan xeral de normalización da lingua galega, en particular a presentación no Parlamento de Galicia da información ao respecto
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 22231 (09/POC-003154)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e Solla Fernández, Eva
Sobre as razóns da demora e os prazos previstos polo Goberno galego para a dispensación efectiva e gratuíta do medicamento sofosbuvir aos doentes con hepatite C que o teñan prescrito
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 22236 (09/POC-003155)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Soneira Tajes, María Soledad e 3 máis
Sobre a suficiencia do financiamento dispoñible para o cumprimento dos obxectivos do programa asinado pola Xunta de Galicia de mobilidade de docentes, investigadores e persoal administrativo e de servizos entre as universidades galegas e as portuguesas do ámbito xeográfico da rexión Norte de Portugal
Comisión Permanente non Lexislativa para Asuntos Europeos

- 22238 (09/POC-003156)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Soneira Tajes, María Soledad e 3 máis
Sobre a avaliación da Xunta de Galicia da resposta do alumnado e profesorado universitario galego ao programa de bolsas de intercambio posto en marcha pola eurorrexión Galicia-Norte de Portugal
Comisión Permanente non Lexislativa para Asuntos Europeos

- 22244 (09/POC-003157)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Fajardo Recouso, Juan Manuel
Sobre os motivos e os obxectivos do Goberno galego para aprobar a Orde do 31 de marzo de 2014 pola que se regula a comercialización en orixe de especies eurihalinas de interese comercial
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 22250 (09/POC-003158)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a avaliación que realiza o Goberno galego do Plan de recuperación de zonas improdutivas para o marisqueo a pé
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 22258 (09/POC-003159)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre os motivos da aprobación pola Consellería do Medio Rural e do Mar da Orde do 3 de abril de 2014 de concesión de axudas á paralización definitiva dos buques pesqueiros afectados polo Plan de xestión integral da pesca de baixura no caladoiro nacional do Cantábrico noroeste
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

2.3.2.2. Creación de órganos parlamentarios

2.3.2.2.1. Solicitude de creación de comisións

Escrito do G.P. dos Socialistas de Galicia polo que solicita a creación dunha comisión especial non permanente de estudo sobre os ingresos e o sistema de financiamento da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 22096).

Examinado o escrito das deputadas e dos deputados que forman o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia polo que se solicitan a creación dunha comisión especial non permanente de estudo sobre os ingresos e o sistema de financiamento da Comunidade Autónoma de Galicia.

Visto o disposto no artigo 51 do RPG e dado que se cumpre o requisito de lexitimación,

A Mesa adoptou o seguinte acordo:

1º. Admitir a trámite a solicitude.

2º. Remitila, para audiencia, á Xunta de Portavoces.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2014

Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente 1º

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIONS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
21 ABR. 2014
22391

PRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
21 ABR. 2014
SAÍDA
Num. 1527

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia ante a comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do Goberno galego para informar sobre **"a Cooperación Interrexional e Transfronteiriza".**

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
21 ABR 2014
22420

PRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
21 ABR. 2014
SAÍDA
Núm. 1350

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia ante a Comisión Permanente non Lexislativa para Asuntos Europeos, do Goberno galego para informar sobre "a **Cooperación Interrexional e Transfronteiriza**".

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2014 09:31
Nº Rexistro: 22315
Data envío: 16/04/2014 09:31:56.939

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 147 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **interpelación.**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola súa gran repercusión social.

A declaración diante do xuíz instrutor, do ex senador e antigo tesoureiro do Partido Popular, persoa da máxima confianza do actual presidente do Goberno, deixa algunhas evidencias:

- O financiamento ilegal desa formación política, de xeito ininterrompido.
- O financiamento ilegal das campañas electorais.
- Os sobresoldos ilegais pagados ó Sr. Rajoy e outros dirixentes dese partido
- Un sistema de Caixa B en cada provincia, coñecido polos respectivos dirixentes.

Mesmo o punto de partida aparece relacionado cun embargo no Partido Popular de Pontevedra.

Os dirixentes do Partido Popular adebedan unha explicación documentada e convincente sobre esas denuncias, efectuadas por quen ostentou, ata data recente, importantes responsabilidades internas e de representación popular. Tamén sobre o mecanismo de pagos ilícitos a dirixentes políticos incursos na lexislación de incompatibilidades. En Galicia, o Partido Popular tamén adebeda unha explicación documentada dunha situación da que presuntamente serían coñecedores e cómplices varias persoas das estruturas provincias e autonómica.

Igualmente o Sr. Núñez Feijoo, como presidente desa organización, non ten ofrecido ningunha explicación. A mesma postura observada diante das informacións que testemuñaban unha relación persoal cun coñecido dirixente do narcotráfico. A día de hoxe, un ano máis tarde, o Parlamento

descoñece, pola negativa do Sr. Núñez Feijoo, as relación contractuais entre o Sergas e as empresas do devandito delincuente. Silencio elocuente.

Se cumpren nove meses de parálise da Comisión de estudo para a prevención da corrupción, impulsada polo Grupo Parlamentario Socialista. O PP e o Sr. Núñez Feijoo rexeitan discutir e aprobar medidas preventivas. No seu lugar, anuncios mediáticos sen contido sobre Códigos de conduta, sen compromisos realmente novos, mesmo cuestionados polas organización sindicais. No lugar da transparencia, a propaganda. Fronte os compromisos a evanescente declaración de intencións de quen se nega a documentar a honestidade da súa actuación.

Diante desa situación tan preocupante para a integridade da vida política, este grupo presenta a seguinte interpelación:

1.ª) Qué valoración fai o Goberno galego das investigación xudiciais que reflicten financiamento irregular da formación política que sustenta á Xunta?

2.ª) Son coñecedores os membros do Goberno galego que simultaneamente exercen funcións directivas nesa organización, dun mecanismo ilegal de financiamento, de contabilidades ocultas, de sobresoldos pagados a dirixentes incursos na lexislación de incompatibilidades?

3.ª) Asumen que non entregarán ó Parlamento a documentación solicitada sobre relacións contractuais entre o Sr. Núñez Feijoo e un coñecido narcotraficante para evitar un coñecemento real das mesmas?

4.ª) Debe considerarse rematada a Comisión de estudo para a prevención da corrupción, pola negativa do grupo maioritario a formular conclusións?

Pazo do Parlamento, 16 de abril de 2014

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 16/04/2014 09:28:45

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2014 09:31
Nº Rexistro: 22315
Data envio: 16/04/2014 09:31:56.939

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

María Carmen Gallego Calvar na data 16/04/2014 09:29:05

Pablo García García na data 16/04/2014 09:29:06

María Remedios Quintas Álvarez na data 16/04/2014 09:29:13

Juán Carlos González Santín na data 16/04/2014 09:29:22

María Soledad Soneira Tajes na data 16/04/2014 09:29:33

María Concepción Burgo López na data 16/04/2014 09:29:38

Abel Fermín Losada Álvarez na data 16/04/2014 09:29:44

Manuel Vázquez Fernández na data 16/04/2014 09:29:49

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 16/04/2014 09:29:55

Raúl Fernández Fernández na data 16/04/2014 09:30:00

Beatriz Sestayo Doce na data 16/04/2014 09:30:07

José Manuel Gallego Lomba na data 16/04/2014 09:30:13

María Carmen Acuña do Campo na data 16/04/2014 09:30:22

José Ramón Val Alonso na data 16/04/2014 09:30:26

José Antonio Sánchez Bugallo na data 16/04/2014 09:30:30

Patricia Vilán Lorenzo na data 16/04/2014 09:30:33

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 16/04/2014 09:30:35

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2014 11:41
Nº Rexistro: 21948
Data envio: 09/04/2014 11:41:39.075

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula seguinte **Interpelación**, relativa á reposición do dereito á prestación por desemprego a traballador@s afectados por ERTES.

Diante das alarmantes cifras de persoas desempregadas e da multiplicación de ERES, o Goberno español aprobou dentro da Lei 3/2012, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, unha medida destinada a Expedientes de Regulación Temporais de Emprego, no senso de que @s traballador@s afectad@s polos mesmos non viran diminuída a súa prestación futura se foran despedid@s posteriormente no caso de que o ERTE rematara sendo un ERE de extinción.

Deste xeito o artigo 16 desta lei no seu apartado 1 establece:

"Cando unha empresa, en virtude do artigo 47do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores ou dun procedemento concursal, teña suspendido contratos de traballo, de forma continuada ou non, ou teña reducido o número de días ou horas de traballo, e posteriormente se extingan contratos ao amparo dos artigos 51 ou 52c) do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores ou o artigo 64 da Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal, os traballadores afectados terán dereito á reposición da duración da prestación por desemprego de nivel contributivo polo mesmo número de días que tiveran percibido o desemprego total ou parcial en virtude de aquelas suspensións ou reducións cun límite

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2014 11:41
Nº Rexistro: 21948
Data envío: 09/04/2014 11:41:39.075

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

máximo de 180 días, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

a) Que as suspensións ou reducións de xornada se teñan producido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2012, ambos inclusive.

b) Que o despido se produza entre o 12 de febreiro de 2012 e o 31 de decembro de 2013.”

O BOE de 26 de xaneiro de 2013 publicaba o Real Decreto-lei 1/2013 de 25 de xaneiro, que no seu artigo 3 ampliaba o prazo para a reposición do dereito á prestación por desemprego durante un ano máis.

Esta medida non se ten renovado no actual ano 2014, de xeito que @s traballador@s que se vexan afectad@s por un ERTE con posterioridade á prórroga establecida veranse prexudicad@s, o que traerá tamén como consecuencia máis dificultades nas posíbeis negociacións de ERTES nas empresas.

Por estas razóns formúlase a seguinte Interpelación:

-Ten avaliado o Goberno galego as consecuencias en Galiza da non renovación da reposición do dereito á prestación por desemprego establecida no apartado 1 do artigo 16 da Lei 3/2012 de 6 de xullo de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral?

-Considera que vai engadir dificultades ás negociacións de posíbeis ERTES a non renovación da reposición do dereito á prestación por desemprego?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2014 11:41
Nº Rexistro: 21948
Data envio: 09/04/2014 11:41:39.075

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Vai o Goberno galego solicitar do Goberno español a reposición do dereito á prestación por desemprego?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2014

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/04/2014 11:41:10

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2014 16:30
Nº Rexistro: 22114
Data envio: 10/04/2014 14:30:08.727

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Interpelación**, relativa á actuación do Goberno galego ante o anteproxecto de lei orgánica do poder xudicial aprobado polo Consello de Ministros e o seu impacto en Galiza.

O pasado día 4 de abril o Consello de Ministros aprobou o anteproxecto de lei orgánica do poder xudicial que entre outros aspectos prevé unha nova ordenación territorial da administración de xustiza. Neste ámbito unha das reformas máis salientábeis consiste na creación dos chamados Tribunais de instancia provinciais, con sede na capitalidade provincial, aos que se lles dota de competencias en todo o ámbito territorial da respectiva provincia e en todos as ordes xurisdicionais.

Na práctica isto supón a desaparición de todos os partidos xudiciais existentes en Galiza tal e como os viñamos coñecendo até a actualidade e polo tanto un novo afastamento da administración de xustiza da cidadanía, establecendo un novo elemento de segregación social á hora do exercicio do dereito de tutela xudicial efectiva. Como consecuencia desta lei tamén desaparecen os xulgados de paz, que só manterán as competencias do rexistro civil que como é ben sabido está en vías de ser privatizado. Tampouco é menor o impacto económico que ten en cidades, vilas e comarcas a eliminación de servizos públicos.

No anteproxecto tamén se prevé a posibilidade de que a través da futura modificación da lei de demarcación e planta se poidan establecer sedes desprazadas de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2014 16:30
Nº Rexistro: 22114
Data envio: 10/04/2014 14:30:08.727

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

todas ou algunha das salas dos tribunais provinciais de instancia naquelas localidades que no momento da entrada en vigor da lei existisen sedes xudiciais.

Para incrementar o caos que comportaría a aplicación deste deseño territorial da xustiza nunha disposición transitoria establécense uns criterios de reparto provincial de asuntos que poden devir en situacións esperpénticas que obriguen a profesionais e cidadanía a peregrinar de punta a punta da provincia para a tramitación dos seus preitos.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego considera que o despropósito desta reforma é tal que motivou xa o rexeitamento de practicamente todas as instancias profesionais, sociais e mesmo institucionais de Galiza. É imprescindíbel que en atención ao seu impacto na nosa nación e tamén a que o Goberno galego ten competencias na xestión dos medios materiais e humanos da administración de xustiza e polo tanto será quen teña que afrontar os gastos nese ámbito derivados desta reforma, debera definir unha estratexia de actuación orientada a conseguir a modificación substancial da proposta deseñada en dito anteproxecto de lei.

Estas son as razóns polas que se formula a seguinte Interpelación:

1.- Como valora esta proposta de organización territorial da administración de xustiza contida neste anteproxecto de lei?

2.- Cal cre que é o seu impacto na atención á cidadanía?

3.- Que vai pasar coas sedes xudiciais actualmente existentes nos distintos partidos xudiciais?

4.- Ten avaliado o custe que para a administración galego suporía a súa implantación?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2014 16:30
Nº Rexistro: 22114
Data envio: 10/04/2014 14:30:08.727

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5.- Considera adecuada a desaparición de todos os partidos xudiciais?

6.- Que actuacións ten previsto realizar coa finalidade de lograr a retirada desa proposta?

7.- Como ten previsto defender unha administración de xustiza apegada ás necesidades da cidadanía galega?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2014

Asdo.: **Tereixa Paz Franco**
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tareixa Paz Franco na data 10/04/2014 14:27:23

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 09:30
Nº Rexistro: 22150
Data envío: 10/04/2014 19:23:58.871

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Interpelación**, relativa á dramática situación que atravesa a Xunta de Galiza e a imperante necesidade de rectificar a política lingüicida que practica o Goberno do PP.

A lingua galega rexistra tendencias preocupantes en relación co seu presente e o seu futuro. Máis de tres décadas de vixencia da Lei de Normalización Lingüística non conseguiron o obxectivo que marca o propio Estatuto de Autonomía no seu artigo 5º, no que establece:

> *"3. Os poderes públicos da Galiza garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e normativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.*
>
> *4. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua."*

Este mandato está lonxe de ser verdade e trinta anos despois hai numerosos estudos científicos que verifican unha realidade palpábel e alarmante: unha acusada e persistente perda de falantes da lingua galega nas xeracións máis novas (tal e como mostran o Mapa Sociolingüístico Galego nas súas diversas edicións, as estatísticas feitas a través dos censos de poboación ou outros estudos, mesmo de tipo cualitativo que tamén mostran a persistencia de importantes preconceptos arredor do noso idioma e a creación de novos estigmas lingüísticos); unha escasa incidencia do sistema escolar no mantemento do galego como lingua social e unha capacitación lingüística inferior en galego que en castelán; ou a persistencia de discriminacións para o uso do galego.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 09:30
Nº Rexistro: 22150
Data envio: 10/04/2014 19:23:58.871

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resulta palmario que se mantén unha clara situación de discriminación para o galego e para as persoas que o empregan e hai amezas serias para o seu futuro. Unha situación que ten empeorado de maneira evidente nos últimos cinco anos, coa aplicación dunha política que só pode cualificarse de lingüicidas e de buscar deliberademente un retroceso do galego en todos os ámbitos.

Certamente vivimos un proceso de regresión en todos os ámbitos, e non é casualidade que os mesmos que cuestionan dereitos individuais e colectivos no mundo laboral, no ensino, no ámbito dos dereitos das mulleres, da igualdade entre as persoas, sexan quen atacan o dereito que nos asiste como pobo a que a nosa lingua non sexa discriminada. É unha historia repetida. A defensa dos dereitos sociais e nacionais estivo sempre vinculada no noso país, foron da man. O nacionalismo galego, xa desde as Irmandades da Fala, ten tras de sí unha longa loita democrática, de defensa de dereitos socias e nacionais, baixo a convicción de que sen recoñecemento dos dereitos colectivos é imposíbel o exercicio dos dereitos individuais.

A lingua galega é a única lingua do Estado que perde falantes. Co agravante de termos un Goberno Galego que actúa como axente da desgaleguización así temos un relatorio grande e amplo de contrarreformas:

- o decreto contra o galego que fixou a prohibición da docencia en galego dalgunhas materias,

- a eliminación do galego como requisito no acceso á Función Pública

- despedimento do profesorado que impartía cursos en galego para adultos,

- negación de contratos predoutorais a quen entregou documentación en galego, sen unha actuación e resposta a Xunta de Galiza,

- a redución da presenza do galego nos medios de comunicación,

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 09:30
Nº Rexistro: 22150
Data envio: 10/04/2014 19:23:58.871

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- a eliminación do galego do programa informático da Administración de Xustiza,

- a marxinalidade dos recursos adicados á normalización da lingua galega

En definitiva unha crónica do disparate que urxe modificar.

Polo dito formúlase a seguinte Interpelación:

-Que valoración realiza a Xunta de Galiza sobre a situación do idioma galego?

-Ten previsto a Xunta de Galiza rectificar as medidas adoptadas nos últimos cinco anos e que son contrarias ao proceso normalizador?

-Ten previsto a Xunta de Galiza dar cumprimento efectivo ao Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2014

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 10/04/2014 19:23:32

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 11:53
Nº Rexistro: 22156
Data envío: 11/04/2014 11:53:22.607

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Pablo García García, **Marisol Soneira Tajes**, **Raúl Fernández Fernández** e **José Ramón Val Alonso**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A normativa europea dende o ano 2007 vén establecendo unha serie de medidas para mellorar o equilibrio da cadea de valor no sector lácteo e reforzar a posición negociadora dos produtores, pero foi no ano 2012 cando definitivamente se aproban modificacións relativas as funcións outorgadas ás organizacións de produtores no sector lácteo, e autorízase a estas a poder negociar de forma colectiva os termos dos contratos, cunhas condicións e cunhas limitacións perfectamente definidas, e do mesmo xeito se establece a obrigatoriedade de realizar contratos por escrito nas entregas de leite.

O desenvolvemento desa normativa regula o recoñecemento das organizacións de produtores de leite e das organizacións interprofesionais no sector lácteo e establece as súas condicións de contratación, o que tamén, en certa medida, ten relación ca aprobación da Lei de mellora da cadea alimentaria.

A finalidade desta norma legal é a de dotar aos produtores dunha ferramenta de estabilidade que lles permita evitar a especulación estacional, unha garantía de cobro a un prezo pactado con antelación e tamén que sirva como ferramenta de protección ante a inminente desaparición dos sistema de cotas.

Ao tempo que establece que a duración dos contratos debe ser cando menos anuais, aínda que recolle que poida haber excepcións cando o gandeiro así o reflicta por escrito. Non obstante o que está recollido como excepción, parece ser que a industria o tomou como regra, e polo tanto non se está a cumprir a principal finalidade que a lexislación en vigor promulga.

Polo exposto anteriormente, os deputados e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cantos contratos existen neste momento subscritos en Galicia entre produtores e industria con máis dun ano de duración?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 11:53
Nº Rexistro: 22156
Data envío: 11/04/2014 11:53:22.607

2. Cantas organizacións de produtores existen en Galicia?

3. Que medidas tomou a Xunta de Galicia para que a finalidade da norma legal en vigor se cumprira?

4. Vai a Xunta de Galicia a tomar algunha medida distinta, agora que a maioría dos contratos están rematados de cara a nova negociación dos contratos?

Pazo do Parlamento, 10 de abril de 2014

Asdo.: Pablo García García
Marisol Soneira Tajes
Raúl Fernández Fernández
José Ramón Val Alonso
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo García García na data 11/04/2014 11:51:54

María Soledad Soneira Tajes na data 11/04/2014 11:52:00

Raúl Fernández Fernández na data 11/04/2014 11:52:05

José Ramón Val Alonso na data 11/04/2014 11:52:11

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 16:30
Nº Rexistro: 22193
Data envio: 11/04/2014 15:07:54.082

GRUPO PARLAMENTAR AGE Alternativa Galega de Esquerda

anova · espazo ecosocialista galego · EQUO

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez, deputada do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda,** ao abeiro do recollido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación,** relativa a retirada do anteproxecto de lei orgánica do poder xudicial.

Non pode valorarase doutro xeito que negativamente o anteproxecto aprobado en consello de ministros do 4 de abril, que suporía entre outras cuestións a voadura dos órganos xudiciais do noso país, coa eliminación de todos os partidos xudiciais agás os das catro capitais provinciais.

Os danos que se provocan á cidadanía e localidades afectadas apenas importan ao ministro da in-xustiza, que concita con cada iniciativa un rexeitamento maior que na anterior. Moléstalle ao ministro a existencia dun poder xudicial e busca a súa doma. No tempo en que ocupa o ministerio xa modificou pola vía de urxencia a formación e aspectos laborais dos xuíces, recortou as súas competencias e rematou coa xurisdicción universal. Medidas todas elas que abondan na procura de limitar a independencia do poder xudicial. E desenvolveu un programa de repagos nas taxas xudiciais que dificultan o acceso da cidadanía a tutela xudicial efectiva. O ministro que indulta corruptos quere ter baixo control ao poder xudicial. Tan coherente como indigno.

O anteproxecto que conta con outras moitas tachas contempla en particular a supresión dos actuais partidos xudiciais por outra organización xudicial que se limitaría a ter sede nas catro capitais provinciais, ignorando a realidade poboacional galega, caracterizada por un poboamento disperso. Esta cidadanía vai sufrir o alonxamento físico da administración de xustiza cos custos económicos e de tempo derivados dos desprazamentos a que vai obrigar a supresións dos partidos xudiciais. Cómpre lembrar que a ese poboamento espallado hai que engadir a realidade dunha capital do país e da primeira cidade por poboación e un dos núcleos económicos básicos do país que non son capitais provinciais. Cómpre sinalar a desaparición dos xulgados de paz en

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 16:30
Nº Rexistro: 22193
Data envio: 11/04/2014 15:07:54.082

consonancia coa prevista privatización do rexistro civil. Todo moi congruente coa política do ministerio de dificultar/impedir a tutela xudicial efectiva.

Outras das pretensións do anteproxecto é xerar unha sorte de lei mordaza sobre xuíces e asociacións xudiciais, que non poderán expresar a súa posición sobre un caso de interese público que se atope en tramitación. Coártase a liberdade de expresión.

Suprime a figura dos decanos do partido xudicial, elexidos de xeito democrático polos propios xuíces, e as xuntas de xuíces. Os presidentes dos tribunais de instancia os escollerá o CXPX non os seus compañeiros e compañeiras.

O anteproxecto non garante a independencia xudicial, algo de consecuencias incalculables, e o principio de xuíz natural, o que vai xerar unha estrutura máis xerarquizada e restritiva.

Ou entrega máis poder a Audiencia Nacional, o tribunal de excepción herdado ao traverso de mediacións legais do franquismo.

Iso si, en consonancia coas disposicións franquistas e para que non haxa dúbidas, acórdase o aforamento da raíña, consorte e dos príncipes de Asturias. Nunca se sabe se o van necesitar!

En atención aos prexuízos que causa, o grupo parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda presenta a seguinte interpelación:

- Vai defender a Xunta de Galicia os partidos xudiciais galegos ameazados de supresión polo anteproxecto de reforma da lei orgánica do poder Xudicial?

- Vai reclamar o goberno galego a retirada do referido anteproxecto polas súas múltiples conscuencias negativas para a cidadanía?

Compostela, 11 de abril, vésperas do 83º aniversario da proclamación da República.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 11/04/2014 15:07:03

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2014 11:00
Nº Rexistro: 22245
Data envio: 15/04/2014 11:00:01.996

GRUPO PARLAMENTAR AGE Alternativa Galega de Esquerda

anova

espazo ecosocialista galego

equo

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

Juan Manuel Fajardo Recouso e Eva Solla Fernandez, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **INTERPELACIÓN**,

Como coñecen os membros deste Parlamento durante o presente mes, unha veciña de Vilagarcía ven de iniciar unha folga de fame perante o concello, co obxectivo de denunciar a actual situación de centenares de familias solicitantes da RISGA, que ven como os seus expedientes se demoran durante meses, sin que en ningún caso se adopte un mecanismo eficaz para sobrelevar este tempo de espera, o que en moitos casos fai imposible a normal subsistencia das familias, sendo ademais unha actitude absolutamente insolidaria e cruel, non ter contemplado o silencio positivo na nova norma ou mecanismos inmediatos que subsanen a falta de ingresos durante a tramitación das solicitudes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega da Esquerda presenta a seguinte INTERPELACIÓN:

Que actuacións ten previsto realizar a Xunta de Galiza para mudar a actual situación onde os retrasos na tramitación da RISGA fan que pasen máis de seis ou sete meses, dende o inicio da tramitación ata o momento do cobro efectivo da mesma?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2014.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2014 11:00
Nº Rexistro: 22245
Data envío: 15/04/2014 11:00:01.996

Asdo.: Juan M. Fajardo Recouso

Eva Solla Fernández

Deputados do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Juán Manuel Fajardo Recouso na data 15/04/2014 10:59:25

Eva Solla Fernández na data 15/04/2014 10:59:31

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2014 11:39
Nº Rexistro: 21945
Data envio: 09/04/2014 11:39:49.434

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á reposición do dereito á prestación por desemprego a traballador@s afectados por ERTES.

Diante das alarmantes cifras de persoas desempregadas e da multiplicación de ERES, o Goberno español aprobou dentro da Lei 3/2012, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, unha medida destinada a Expedientes de Regulación Temporais de Emprego, no senso de que @s traballador@s afectad@s polos mesmos non viran diminuída a súa prestación futura se foran despedid@s posteriormente no caso de que o ERTE rematara sendo un ERE de extinción.

Deste xeito o artigo 16 desta lei no seu apartado 1 establece:

"Cando unha empresa, en virtude do artigo 47do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores ou dun procedemento concursal, teña suspendido contratos de traballo, de forma continuada ou non, ou teña reducido o número de días ou horas de traballo, e posteriormente se extingan contratos ao amparo dos artigos 51 ou 52c) do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores ou o artigo 64 da Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal, os traballadores afectados terán dereito á reposición da duración da prestación por desemprego de nivel contributivo polo mesmo número de días que tiveran percibido o desemprego total ou parcial en virtude de aquelas suspensións ou reducións cun límite máximo de 180 días, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

a) Que as suspensións ou reducións de xornada se teñan producido entre o 1 de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2014 11:39
Nº Rexistro: 21945
Data envio: 09/04/2014 11:39:49.434

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2012, ambos inclusive.

b) Que o despido se produza entre o 12 de febreiro de 2012 e o 31 de decembro de 2013."

O BOE de 26 de xaneiro de 2013 publicaba o Real Decreto-lei 1/2013 de 25 de xaneiro, que no seu artigo 3 ampliaba o prazo para a reposición do dereito á prestación por desemprego durante un ano máis.

Esta medida non se ten renovado no actual ano 2014, de xeito que @s traballador@s que se vexan afectad@s por un ERTE con posterioridade á prórroga establecida veranse prexudicad@s, o que traerá tamén como consecuencia máis dificultades nas posíbeis negociacións de ERTES nas empresas.

Por estas razóns formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

-Ten avaliado o Goberno galego as consecuencias en Galiza da non renovación da reposición do dereito á prestación por desemprego establecida no apartado 1 do artigo 16 da Lei 3/2012 de 6 de xullo de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2014

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Deputada do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2014 11:39
Nº Rexistro: 21945
Data envio: 09/04/2014 11:39:49.434

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/04/2014 11:38:46

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2014 10:25
Nº Rexistro: 22052
Data envio: 10/04/2014 10:25:40.736

GRUPO PARLAMENTAR
AGE Alternativa Galega de Esquerda

anova
esquerda ecosocialista galego
equo

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez, deputada do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral no Pleno,** relativa a concesión provisional das axudas da RISGA e das AES cando sexa a propia administración a que demore a resolución das mesmas.

As consecuencias sociais da crise si as detecta o Valedor do Pobo, o cal no seu informe aprecia ese significativo aumento das queixas por problemas económicos derivados do paro, a perda de poder adquisitivo e o deterioro das condicións de vida. Familias e menores son golpeadas ao punto de chegar a perder, entre a indeferenza cómplice do goberno galego, a súa vivenda.

No informe do Valedor do Pobo do ano 2013 confírmase, entre outras, un incremento no número das solicitudes de axudas sociais derivadas do panorama crítico enunciado no anterior parágrafo. As rendas de integración social e as axudas de emerxencia social son máis demandadas que nunca (segundo os dados facilitados pola mesma Xunta de Galicia), á vez que crece o número de queixas relativas a súa concesión, ben por seren denegadas pola administración ben polos retrasos no seu procedemento de concesión. Circunstancia esta última que atenta á propia natureza destas axudas, que requiren urxencia de seu no procedemento de resolución.

A superación do prazo contido na lei, 3 meses, tense que entender como límite máximo e marca unha virtualidade á administración pública galega para resolver o expediente de solicitude. Do contrario, o Valedor non ten empacho en reclamar que se resolva de maneira provisional a súa concesión, sempre que a causa imputable do retraso non se deba á persoa solicitante. Valoración e demanda que Alternativa Galega da Esquerda fai súa.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2014 10:25
Nº Rexistro: 22052
Data envio: 10/04/2014 10:25:40.736

En atención ao referido, o grupo parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Contempla o goberno galego implementar a recomendación do Valedor do Pobo no seu informe do ano 2014 favorable a que toda solicitude da RISGA ou AES, cuxa tramitación se demore máis alá dos tres meses por causa non imputable á persoa solicitante, sexa concedida de maneira provisional?

Compostela, 10 de abril do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 10/04/2014 10:24:20

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2014 17:09
Nº Rexistro: 22128
Data envio: 10/04/2014 17:09:49.242

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Juan Carlos González Santín, José Antonio Sánchez Bugallo e José Luis Méndez Romeu deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

A Axencia Tributaria está reclamando ás familias galegas beneficiadas da dación en pago que abonen os correspondentes impostos ao considerar que esta operación xerou una ganancia patrimonial. Estas cantidades roldan, nalgúns casos, os 10.000 euros. Deste xeito, só na área de Vigo se poderían ver prexudicadas este ano decenas de familias e, en Santiago, segundo informan dende a Plataforma Antidesahucios, o fisco reclamou xa o abono de tributos a un dos afectados, aínda que a previsión é que se repita en máis casos, posto que dende a entrada en vigor da Lei de medidas para reforzar a protección aos debedores hipotecarios multiplicáronse as dacións de pago en Galicia.

Antes desta normativa, estas operacións eran minoritarias. Sen embargo, coa súa posta en marcha, abriuse a posibilidade a que moitas familias, incapaces de afrontar o pago da hipoteca e ameazadas de embargo, puidesen saldar a súa débeda co banco, cedendo a súa vivenda.

O problema chega na declaración da renda do ano seguinte, xa que a Axencia Tributaria esixe ás familias afectadas que tributen polos beneficios obtidos no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. É dicir, tómase como referencia a diferenza entre o prezo da compra da vivenda e o importe da dación en pago, incluído o pago da débeda, os xuros e os custos de cancelación da hipoteca impagada. Así mesmo, tamén teñen que abonar a taxa de plusvalía municipal.

O Goberno incluíu, a través dun decreto aprobado en marzo do ano pasado, excepcións a esta tributación, liberando a aquelas persoas que se atopan no albor da exclusión. Non obstante, na práctica, esta exención está limitada a un número moi reducido de casos.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2014 17:09
Nº Rexistro: 22128
Data envío: 10/04/2014 17:09:49.242

Entre as condicións para non se ter que ver obrigados a efectuar o pago de tributos está que ningún dos membros da unidade familiar obteña ingresos ou que a cota hipotecaria resulte superior ao 60 % das retribucións netas obtidas pola familia. Tamén se lles esixe que carezan doutros bens ou dereitos patrimoniais, que non se presentasen avais e que a hipoteca se concedese para a única vivenda en propiedade do debedor.

Tendo en conta o anteriormente exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

Considera lóxico o Goberno galego que Facenda inclúa como ganancia patrimonial a entrega da vivenda á entidade financeira por non poder pagar a hipoteca?

Pazo do Parlamento 10 de abril de 2014

Asinado dixitalmente por:

Juán Carlos González Santín na data 10/04/2014 17:01:42

José Antonio Sánchez Bugallo na data 10/04/2014 17:01:55

José Luís Méndez Romeu na data 10/04/2014 17:02:05

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 09:30
Nº Rexistro: 22146
Data envio: 10/04/2014 19:09:31.631

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Rodas Chapela e **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas que vai adoptar o Goberno galego para impedir que o novo Fondo Europeo Marítimo de Pesca sexa destinado a manter e suplementar medidas contrarias ao mantemento do sector pesqueiro.

O pasado mes de xaneiro o Consello de Pesca da UE e o Parlamento Europeo alcanzaban un acordo sobre o futuro do Fondo Europeo Marítimo de Pesca (FEMP) polo cal se van destinar aproximadamente un total de 6.500 millóns de euros á política pesqueira para o período 2014-2020, co obxectivo de reforzar novas medidas que afonden na aplicación da Política Pesqueira Común (PPC) e que vai traer consecuencias directas no sector da pesca galega, xa que as competencias na xestión da pesca asúmeas directamente Bruxelas.

Estes fondos van destinados a impulsar diversas medidas como o mantemento da política de desguaces ata o ano 2017, medidas de regulación do esforzo pesqueiro como os descartes, e financiamento para paralizacións temporais e definitivas, industria, comercialización, etc.

Estes fondos teñen unha incidencia importante no Estado español e concretamente en Galiza, pois é o País que maior dependencia ten desta actividade, e o que conta co maior número de empregos directos e indirectos. Por iso, é importante saber o modelo de aplicación a nivel estatal destes fondos así como saber cales son os criterios establecido para financiar a inversión en

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 09:30
Nº Rexistro: 22146
Data envio: 10/04/2014 19:09:31.631

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fomento da pesca responsable, no apoio a acuicultura, canto se vai destinar a industria en materia de innovación e trazabilidade, a que segmentos da actividade van destinados, as campañas de produción e de comercialización e os obxectivos que plantexa, que vai pasar cos produtos con denominación de orixe, etc.

Estas son as razóns que nos levan a formular a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Comparte a idea que ten a Comisión de Pesca de que sobran barcos e que é necesario adherir fondos para que os armadores poidan seguir solicitando axudas ata o 2017?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2014

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**
Deputado do G.P. do BNG
Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 10/04/2014 19:08:35

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 09:30
Nº Rexistro: 22146
Data envio: 10/04/2014 19:09:31.631

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 10/04/2014 19:08:44

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 09:30
Nº Rexistro: 22151
Data envío: 10/04/2014 19:24:11.778

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á dramática situación que atravesa a Xunta de Galiza e a imperante necesidade de rectificar a política lingüicida que practica o Goberno do PP.

A lingua galega rexistra tendencias preocupantes en relación co seu presente e o seu futuro. Máis de tres décadas de vixencia da Lei de Normalización Lingüística non conseguiron o obxectivo que marca o propio Estatuto de Autonomía no seu artigo 5º, no que establece:

> *"3. Os poderes públicos da Galiza garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e normativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.*
>
> *4. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua."*

Este mandato está lonxe de ser verdade e trinta anos despois hai numerosos estudos científicos que verifican unha realidade palpábel e alarmante: unha acusada e persistente perda de falantes da lingua galega nas xeracións máis novas (tal e como mostran o Mapa Sociolingüístico Galego nas súas diversas edicións, as estatísticas feitas a través dos censos de poboación ou outros estudos, mesmo de tipo cualitativo que tamén mostran a persistencia de importantes preconceptos arredor do noso idioma e a creación de novos estigmas lingüísticos); unha escasa incidencia do sistema escolar no mantemento do galego como lingua social e unha capacitación lingüística inferior en galego que en castelán; ou a persistencia de discriminacións para o uso do galego.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 09:30
Nº Rexistro: 22151
Data envio: 10/04/2014 19:24:11.778

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resulta palmario que se mantén unha clara situación de discriminación para o galego e para as persoas que o empregan e hai amezas serias para o seu futuro. Unha situación que ten empeorado de maneira evidente nos últimos cinco anos, coa aplicación dunha política que só pode cualificarse de lingüicidas e de buscar deliberademente un retroceso do galego en todos os ámbitos.

Certamente vivimos un proceso de regresión en todos os ámbitos, e non é casualidade que os mesmos que cuestionan dereitos individuais e colectivos no mundo laboral, no ensino, no ámbito dos dereitos das mulleres, da igualdade entre as persoas, sexan quen atacan o dereito que nos asiste como pobo a que a nosa lingua non sexa discriminada. É unha historia repetida. A defensa dos dereitos sociais e nacionais estivo sempre vinculada no noso país, foron da man. O nacionalismo galego, xa desde as Irmandades da Fala, ten tras de sí unha longa loita democrática, de defensa de dereitos socias e nacionais, baixo a convicción de que sen recoñecemento dos dereitos colectivos é imposíbel o exercicio dos dereitos individuais.

A lingua galega é a única lingua do Estado que perde falantes. Co agravante de termos un Goberno Galego que actúa como axente da desgaleguización así temos un relatorio grande e amplo de contrarreformas:

- o decreto contra o galego que fixou a prohibición da docencia en galego dalgunhas materias,

- a eliminación do galego como requisito no acceso á Función Pública

- despedimento do profesorado que impartía cursos en galego para adultos,

- negación de contratos predoutorais a quen entregou documentación en galego, sen unha actuación e resposta a Xunta de Galiza,

- a redución da presenza do galego nos medios de comunicación,

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 09:30
Nº Rexistro: 22151
Data envio: 10/04/2014 19:24:11.778

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- a eliminación do galego do programa informático da Administración de Xustiza,

- a marxinalidade dos recursos adicados á normalización da lingua galega

En definitiva unha crónica do disparate que urxe modificar.

Polo dito formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que valoración realiza a Xunta de Galiza sobre a situación do idioma galego?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2014

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 10/04/2014 19:23:04

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 09:30
Nº Rexistro: 22152
Data envío: 10/04/2014 19:24:24.481

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á dramática situación que atravesa a Xunta de Galiza e a imperante necesidade de rectificar a política lingüicida que practica o Goberno do PP.

A lingua galega rexistra tendencias preocupantes en relación co seu presente e o seu futuro. Máis de tres décadas de vixencia da Lei de Normalización Lingüística non conseguiron o obxectivo que marca o propio Estatuto de Autonomía no seu artigo 5º, no que establece:

> *"3. Os poderes públicos da Galiza garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e normativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.*
>
> *4. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua."*

Este mandato está lonxe de ser verdade e trinta anos despois hai numerosos estudos científicos que verifican unha realidade palpábel e alarmante: unha acusada e persistente perda de falantes da lingua galega nas xeracións máis novas (tal e como mostran o Mapa Sociolingüístico Galego nas súas diversas edicións, as estatísticas feitas a través dos censos de poboación ou outros estudos, mesmo de tipo cualitativo que tamén mostran a persistencia de importantes preconceptos arredor do noso idioma e a creación de novos estigmas lingüísticos); unha escasa incidencia do sistema escolar no mantemento do galego como lingua social e unha capacitación lingüística inferior en galego que en castelán; ou a persistencia de discriminacións para o uso do galego.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 09:30
Nº Rexistro: 22152
Data envio: 10/04/2014 19:24:24.481

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resulta palmario que se mantén unha clara situación de discriminación para o galego e para as persoas que o empregan e hai amezas serias para o seu futuro. Unha situación que ten empeorado de maneira evidente nos últimos cinco anos, coa aplicación dunha política que só pode cualificarse de lingüicidas e de buscar deliberademente un retroceso do galego en todos os ámbitos.

Certamente vivimos un proceso de regresión en todos os ámbitos, e non é casualidade que os mesmos que cuestionan dereitos individuais e colectivos no mundo laboral, no ensino, no ámbito dos dereitos das mulleres, da igualdade entre as persoas, sexan quen atacan o dereito que nos asiste como pobo a que a nosa lingua non sexa discriminada. É unha historia repetida. A defensa dos dereitos sociais e nacionais estivo sempre vinculada no noso país, foron da man. O nacionalismo galego, xa desde as Irmandades da Fala, ten tras de sí unha longa loita democrática, de defensa de dereitos socias e nacionais, baixo a convicción de que sen recoñecemento dos dereitos colectivos é imposíbel o exercicio dos dereitos individuais.

A lingua galega é a única lingua do Estado que perde falantes. Co agravante de termos un Goberno Galego que actúa como axente da desgaleguización así temos un relatorio grande e amplo de contrarreformas:

- o decreto contra o galego que fixou a prohibición da docencia en galego dalgunhas materias,

- a eliminación do galego como requisito no acceso á Función Pública

- despedimento do profesorado que impartía cursos en galego para adultos,

- negación de contratos predoutorais a quen entregou documentación en galego, sen unha actuación e resposta a Xunta de Galiza,

- a redución da presenza do galego nos medios de comunicación,

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 09:30
Nº Rexistro: 22152
Data envio: 10/04/2014 19:24:24.481

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- a eliminación do galego do programa informático da Administración de Xustiza,

- a marxinalidade dos recursos adicados á normalización da lingua galega

En definitiva unha crónica do disparate que urxe modificar.

Polo dito formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galiza rectificar as medidas adoptadas nos últimos cinco anos e que son contrarias ao proceso normalizador?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2014

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 10/04/2014 19:22:45

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 09:30
Nº Rexistro: 22153
Data envío: 10/04/2014 19:24:37.309

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á dramática situación que atravesa a Xunta de Galiza e a imperante necesidade de rectificar a política lingüicida que practica o Goberno do PP.

A lingua galega rexistra tendencias preocupantes en relación co seu presente e o seu futuro. Máis de tres décadas de vixencia da Lei de Normalización Lingüística non conseguiron o obxectivo que marca o propio Estatuto de Autonomía no seu artigo 5º, no que establece:

> *"3. Os poderes públicos da Galiza garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e normativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.*
>
> *4. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua."*

Este mandato está lonxe de ser verdade e trinta anos despois hai numerosos estudos científicos que verifican unha realidade palpábel e alarmante: unha acusada e persistente perda de falantes da lingua galega nas xeracións máis novas (tal e como mostran o Mapa Sociolingüístico Galego nas súas diversas edicións, as estatísticas feitas a través dos censos de poboación ou outros estudos, mesmo de tipo cualitativo que tamén mostran a persistencia de importantes preconceptos arredor do noso idioma e a creación de novos estigmas lingüísticos); unha escasa incidencia do sistema escolar no mantemento do galego como lingua social e unha capacitación lingüística inferior en galego que en castelán; ou a persistencia de discriminacións para o uso do galego.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 09:30
Nº Rexistro: 22153
Data envio: 10/04/2014 19:24:37.309

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resulta palmario que se mantén unha clara situación de discriminación para o galego e para as persoas que o empregan e hai amezas serias para o seu futuro. Unha situación que ten empeorado de maneira evidente nos últimos cinco anos, coa aplicación dunha política que só pode cualificarse de lingüicidas e de buscar deliberademente un retroceso do galego en todos os ámbitos.

Certamente vivimos un proceso de regresión en todos os ámbitos, e non é casualidade que os mesmos que cuestionan dereitos individuais e colectivos no mundo laboral, no ensino, no ámbito dos dereitos das mulleres, da igualdade entre as persoas, sexan quen atacan o dereito que nos asiste como pobo a que a nosa lingua non sexa discriminada. É unha historia repetida. A defensa dos dereitos sociais e nacionais estivo sempre vinculada no noso país, foron da man. O nacionalismo galego, xa desde as Irmandades da Fala, ten tras de sí unha longa loita democrática, de defensa de dereitos socias e nacionais, baixo a convicción de que sen recoñecemento dos dereitos colectivos é imposíbel o exercicio dos dereitos individuais.

A lingua galega é a única lingua do Estado que perde falantes. Co agravante de termos un Goberno Galego que actúa como axente da desgaleguización así temos un relatorio grande e amplo de contrarreformas:

- o decreto contra o galego que fixou a prohibición da docencia en galego dalgunhas materias,

- a eliminación do galego como requisito no acceso á Función Pública

- despedimento do profesorado que impartía cursos en galego para adultos,

- negación de contratos predoutorais a quen entregou documentación en galego, sen unha actuación e resposta a Xunta de Galiza,

- a redución da presenza do galego nos medios de comunicación,

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 09:30
Nº Rexistro: 22153
Data envio: 10/04/2014 19:24:37.309

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- a eliminación do galego do programa informático da Administración de Xustiza,

- a marxinalidade dos recursos adicados á normalización da lingua galega

En definitiva unha crónica do disparate que urxe modificar.

Polo dito formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galiza dar cumprimento efectivo ao Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2014

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 10/04/2014 19:22:17

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 12:31
Nº Rexistro: 22171
Data envío: 11/04/2014 12:31:36.450

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Carmen Acuña do Campo, José Antonio Sánchez Bugallo, Manuel Vázquez Fernández, Carmen Gallego Calvar e **María Quintas Alvarez**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Xefatura de Servizo de Cirurxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago volveu aos xornais galegos despois de que unha comisión avaliadora decidira outorgarlla de novo ao marido da conselleira de Sanidade.

Tres médicos optaron por concurso no 2010 a esa praza. Un catedrático e xefe de sección de cirurxía, o xefe de transplante abdominal e profesor universitario e un adxunto e profesor asociado.

Chama atención que, sen embargo, empataran os tres na puntuación por currículo e méritos, pero aínda chama máis atención que ao final a praza a ganara o adxunto que, iso si, era daquela o marido da xerente do Sergas, actual conselleira.

Esa decisión foi denunciada nos tribunais por un dos opositores que entendía se tiñan producido irregularidades no proceso e, ao final, o TSXG deulle a razón anulando esa xefatura por desviación de poder.

Pero, ante o estupor e a condena do conxunto do mundo sanitario, se volve celebrar a fase do concurso anulada polo máximo Tribunal de Xustiza e unha nova comisión avaliadora lle volve dar a praza a ese señor.

E de novo o proceso vai ser levado aos tribunais de Xustiza, pois o xefe de transplantes do CHUS, único contrincante nesta ocasión, entende que se cometeron irregularidades punibles por parte do marido da conselleira modificando o proxecto presentado inicialmente para engadirlle bibliografía.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 12:31
Nº Rexistro: 22171
Data envío: 11/04/2014 12:31:36.450

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Non considera o Goberno galego que esa situación denota unha absoluta falta de respecto polos profesionais a as profesionais da sanidade pública, especialmente por aqueles que ostentan eses cargos?

Pazo do Parlamento, 10 de abril de 2014

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
José Antonio Sánchez Bugallo
Manuel Vázquez Fernández
Carmen Gallego Calvar
María Quintas Alvarez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Acuña do Campo na data 11/04/2014 12:06:02

José Antonio Sánchez Bugallo na data 11/04/2014 12:06:08

Manuel Vázquez Fernández na data 11/04/2014 12:06:14

María Carmen Gallego Calvar na data 11/04/2014 12:06:20

María Remedios Quintas Álvarez na data 11/04/2014 12:06:22

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 12:32
Nº Rexistro: 22172
Data envío: 11/04/2014 12:32:02.044

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Carmen Acuña do Campo, José Antonio Sánchez Bugallo, Manuel Vázquez Fernández, Carmen Gallego Calvar e **María Quintas Alvarez**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Xefatura de Servizo de Cirurxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago volveu aos xornais galegos despois de que unha comisión avaliadora decidira outorgarlla de novo ao marido da conselleira de Sanidade.

Tres médicos optaron por concurso no 2010 a esa praza. Un catedrático e xefe de sección de cirurxía, o xefe de transplante abdominal e profesor universitario e un adxunto e profesor asociado.

Chama atención que, sen embargo, empataran os tres na puntuación por currículo e méritos, pero aínda chama máis atención que ao final a praza a ganara o adxunto que, iso si, era daquela o marido da xerente do Sergas, actual conselleira.

Esa decisión foi denunciada nos tribunais por un dos opositores que entendía se tiñan producido irregularidades no proceso e, ao final, o TSXG deulle a razón anulando esa xefatura por desviación de poder.

Pero, ante o estupor e a condena do conxunto do mundo sanitario, se volve celebrar a fase do concurso anulada polo máximo Tribunal de Xustiza e unha nova comisión avaliadora lle volve dar a praza a ese señor.

E de novo o proceso vai ser levado aos tribunais de Xustiza, pois o xefe de transplantes do CHUS, único contrincante nesta ocasión, entende que se cometeron irregularidades punibles por parte do marido da conselleira modificando o proxecto presentado inicialmente para engadirlle bibliografía.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 12:32
Nº Rexistro: 22172
Data envío: 11/04/2014 12:32:02.044

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o Goberno galego que o Sr. Feijóo tería que cesar á conselleira de Sanidade de producirse unha nova denuncia polo mesmo asunto?

Pazo do Parlamento, 10 de abril de 2014

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
José Antonio Sánchez Bugallo
Manuel Vázquez Fernández
Carmen Gallego Calvar
María Quintas Alvarez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Acuña do Campo na data 11/04/2014 12:06:37

José Antonio Sánchez Bugallo na data 11/04/2014 12:06:44

Manuel Vázquez Fernández na data 11/04/2014 12:06:50

María Carmen Gallego Calvar na data 11/04/2014 12:06:55

María Remedios Quintas Álvarez na data 11/04/2014 12:06:57

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2014 10:52
Nº Rexistro: 22203
Data envio: 14/04/2014 10:52:57.557

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Rodas Chapela e **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á adopción de medidas por parte da Consellaría de Medio Rural e Mar co obxecto de enfrontar a situación de estrangulamento económico no cultivo de mexillón, o que está a provocar a venda de viveiros flotantes.

A actividade do cultivo do mexillón durante o ano 2013 sufriu diversas adversidades que influíron negativamente no proceso de cultivo e na comercialización. Diversos episodios de biotoxinas tiveron lugar nas principais datas do ano: Semana Santa, agosto e outubro, o que provocou que nos momentos de maior demanda de produto os principais polígonos de cultivo permaneceran pechados. A elo hai que sumarlle os temporais do outono-inverno có cal unha parte significativa dos bivalvos acabaron no fondo do mar.

Dende que no ano 2007 se levou a cabo o Tratado de Libre Comercio entre Chile e a UE, xunto coa liberalización de inversións españolas neste país, o mexillón galego ven sufrindo unha forte competencia, sobre todo no produto elaborado para conserva. Unha competencia importante que provocou que o modelo galego se modificase destinándose na actualidade máis do 60% para consumo en fresco mentres que para conserva vai menos do 40%.

Esta situación de presión está mudando este ano, provocado polo desabastecemento de semente que está tendo a produción chilena, isto ten como

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2014 10:52
Nº Rexistro: 22203
Data envio: 14/04/2014 10:52:57.557

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consecuencia que o nivel de produción sexa sensiblemente inferior ao de anos procedentes o que está a xerar unha elevada demanda por parte do sector transformador.

Esta demanda non sempre pode ser atendida, dado que o ano pasado os procesos de peches administrativos e o mal tempo provocaron un retraio importante na recolección de mexilla, o que está a provocar un retraio no cultivo e engorde do bivalvo. Polo que é de esperar unha campaña moito máis retraída que en anos anteriores e con unha produción claramente inferior.

Esta situación de alta demanda do mexillón contrasta coa situación financeira que está a atravesar o sector. Cada vez é máis habitual encontrar anuncios nas axencias inmobiliarias de que se venden bateas, e os prezos que se barallan son moi inferiores aos que se alcanzaban non hai moito tempo. Esta situación debería facernos reflexionar sobre a situación que está a pasar o sector, da política que se desenvolveu de apoio e subvencións e a situación actual de estrangulamento económico, ao faltar o creto, ao non ter avales da compra e ao pagar "tarde, mal e arrastro", provocando que moitos dos propietarios acaban escollendo a opción de venda.

A política de apoio ao sector debería estar regulada e controlada en base a criterios de mantemento e de garante do dereito a poder ser cultivador, pois debemos lembrar que é unha concesión pública para a explotación dun recurso e que a mesma pertence a Xunta de Galicia.

Estas son as razóns polas que formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que medidas está a adoptar a Consellaría ante problemas de peches administrativos, temporais, caída de vendas, competencia de importacións, etc, que

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2014 10:52
Nº Rexistro: 22203
Data envio: 14/04/2014 10:52:57.557

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

están a causar elevadas perdas económicas e dificultades de mantemento da actividade produtiva para que o sector manteña a súa fortaleza e sexa capaz de enfrontar estas situacións?

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2014

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**
Deputado do G.P. do BNG
Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 14/04/2014 10:26:11

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 14/04/2014 10:26:21

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2014 11:30
Nº Rexistro: 22208
Data envio: 14/04/2014 11:30:19.009

Á MESA DO PARLAMENTO:

Antón Sánchez García, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para resposta oral en **Pleno.**

A comezos do mes de abril deste mesmo ano, a *Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia* facía público un informe sobre a "proposta de orde pola que se aproban os parámetros retributivos das instalacións tipo aplicables a determinadas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovábeis, coxeración e residuos, e se establece a metodoloxía de actualización da retribución á operación".

Esta nova proposta vai na liña marcada polo Partido Popular co anterior Real Decreto-lei 9/2013, de 12 de xullo, polo que se adoptan medidas urxentes para garantir a estabilidade financeira do sistema eléctrico. É dicir, segue a favorecer o tiránico oligopolio dun puñado de empresas que dominan o mercado enerxético de todo o Estado español mentres penaliza aos pequenos produtores de enerxía renovábel e, por extensión, ao medio ambiente e á cidadanía do común.

Un dos aspectos máis sangrantes desta nova orde atópanse no axuste das primas. As estimacións que os expertos están facendo son moi claras: en termos económicos comparativos (respecto do escenario actual) a perda económica media en primas sería do 33,72% para a produción eólica (nalgunhas IT chega ao 81%), do 92,60 % para a produción hidraulica e do 37,40 % para a coxeneración de residuos-Sogama (no caso de Sogama, sub-grupo C1, superior ao 50%).

Evidentemente, isto pode supor o remate final para un sector moi golpeado xa dende o principio da crise e que sobrevive grazas á vontade de moitos cidadáns e cidadás que se encontran en situacións moi difíciles. Ademais, tampouco somos alleos ao impacto que vai ter na propia Sogama, a cal pode

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2014 11:30
Nº Rexistro: 22208
Data envio: 14/04/2014 11:30:19.009

repercutir as súas perdas en axudas nun incremento do canon que pagamos os cidadáns e cidadás galegas.

No informe da "Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia" consta que tanto Xunta de Galicia coma Sogama presentaron alegacións a éste proxecto.

En atención ao referido, o deputado que subscrebe formula a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a "proposta de orde pola que se aproban os parámetros retributivos das instalacións tipo aplicables a determinadas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovábeis, coxeración e residuos, e se establece a metodoloxía de actualización da retribución á operación" perxudicial para o futuro desenvolvemento das enerxías renováveis en Galiza?

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2014.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 14/04/2014 11:29:43

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2014 13:22
Nº Rexistro: 22224
Data envio: 14/04/2014 13:22:59.411

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á aplicación práctica do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega e a presentación ante o Parlamento das medidas ao efecto.

O Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega foi aprobado por unanimidade deste Parlamento hai case unha década. Foi un acordo relevante de todas as forzas políticas e axentes sociais e poñía de manifesto unha vontade de avanzar no necesario proceso de normalización da lingua galega.

Unha das previsións do Plan tiñan a ver co establecemento de procedementos de seguimento, avaliación e control do PXNLG e a necesaria información ao Parlamento Galego. Concretamente indicábaselle á Xunta de Galiza que debería presentar ante o Parlamento a programación anual para o desenvolvemento do mesmo.

Porén o Goberno da Xunta de Galiza incumpre sistematicamente os mandatos establecidos polo Parlamento en relación co Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega.

Polo dito formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2014 13:22
Nº Rexistro: 22224
Data envio: 14/04/2014 13:22:59.411

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Coñece a Xunta de Galiza as resolución aprobadas de xeito unánime pola Cámara Galega en 21 de setembro de 2014 en relación coa aplicación e seguimento do Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega?

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2014

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 14/04/2014 13:11:30

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2014 13:39
Nº Rexistro: 22230
Data envio: 14/04/2014 13:39:56.761

GRUPO PARLAMENTAR AGE Alternativa Galega de Esquerda

anova · esquerda ecosocialista galego · equo

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez e Eva Solla Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral plenaria,** relativa ao financiamento do tratamento médico con Sofosbuvir.

O sofosbuvir é un medicamento inhibidor no tratamento da hepatite C crónica en adultos, que se emprega combinado con outros antivirais. Este medicamento xa recibiu a autorización da comisión europea.

O SERGAS, como acredita un informe emitido polo CHUAC en marzo, solicitou este medicamento para a súa dispensación a doentes que agardan un transplante de fígado, facendo constar que dispón da carta de autorización dende 4 de febreiro, data dende a que se agarda resposta sobre o financiamento deste fármaco; resposta que se demora por parte da farmacia hospitalaria.

Este grupo parlamentar quere significar que nos atopamos diante dun economicismo que xoga coa vida de doentes. Circunstancia xa advertida e denunciada en demasiadas ocasións e que tórnase a repetir. Esta demora economicista xa está a causar danos á saúde dos doentes autorizados a tomar este fármaco; esta demora economicista pode converterse nunha neglixencia criminal. Urxe que a Xunta de Galicia proporcione este medicamento aos doentes que o teñen prescrito e se faga cargo dos custes do mesmo.

En atención ao sinalado, o grupo parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Que prazos de urxencia manexa a Xunta para garantir a dispensación efectiva e gratuita do sofosbuvir aos doentes que o teñen prescrito?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2014 13:39
Nº Rexistro: 22230
Data envio: 14/04/2014 13:39:56.761

Compostela, 14 de abril do 2014, no octoxésimo terceiro aniversario da proclamación da II República.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Eva Solla Fernández

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 14/04/2014 13:38:07

Eva Solla Fernández na data 14/04/2014 13:38:18

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2014 09:44
Nº Rexistro: 22237
Data envio: 15/04/2014 09:44:41.386

Grupo Parlamentario

PSG PSOE

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Mª Soledad Soneira Tajes, José Luis Méndez Romeu, Pablo García García e Concepción Burgo López, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O presidente da Xunta de Galicia vén de asinar recentemente un programa de mobilidade de docentes, investigadores e persoal administrativos e de servizos entre as universidades galegas e distintas universidades portuguesas do ámbito xeográfico da rexión Norte de Portugal. Este programa inscríbese nunha das accións da rexión transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal.

As deputadas e os deputados asinantes preguntan a Xunta de Galicia:

Considera a Xunta de Galicia que un programa desta natureza ten financiamento suficiente para que os obxectivos aos que se aspira acaden resultados positivos?

Pazo do Parlamento, 14 de abril de 2014

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajes na data 15/04/2014 09:33:35

José Luís Méndez Romeu na data 15/04/2014 09:33:53

Pablo García García na data 15/04/2014 09:34:03

María Concepción Burgo López na data 15/04/2014 09:34:11

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2014 09:49
Nº Rexistro: 22239
Data envío: 15/04/2014 09:49:16.873

Grupo Parlamentario

PSG PSOE

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Mª Soledad Soneira Tajes, José Luis Méndez Romeu, Pablo García García e Concepción Burgo López, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A eurorexión Galicia-Norte de Portugal anunciou a creación dun programa de becas de intercambio, moi semellante ó coñecido programa Erasmus, para alumnos de ámbalas dúas comunidades. O importe da beca sería de 400 euros ao mes durante o trimestre de aplicación do programa e mesmo sería de aplicación ao profesorado que, neste caso, recibirían 500 euros por unha estadía dunha semana.

As deputadas e os deputados asinantes preguntan a Xunta de Galicia:

Que avaliación fai a Xunta de Galicia da resposta, por parte do alumnado e profesorado universitario galego, deste programa posto en marcha pola rexión Galicia-Norte de Portugal?

Pazo do Parlamento, 14 de abril de 2014

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajes na data 15/04/2014 09:34:34

José Luís Méndez Romeu na data 15/04/2014 09:34:42

Pablo García García na data 15/04/2014 09:34:51

María Concepción Burgo López na data 15/04/2014 09:35:05

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2014 10:50
Nº Rexistro: 22243
Data envío: 15/04/2014 10:50:55.384

GRUPO PARLAMENTAR AGE Alternativa Galega de Esquerda

anova · esquerda ecosocialista galega · equo

Á MESA DO PARLAMENTO

Juan Manuel Fajardo Recouso, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (AGE)**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta en **Pleno.**

O pasado 9 de abril o DOG publicaba a Orde de 31 de marzo pola que se regula a comercialización en orixe de especies eurihalinas de interese comercial. Esta orde está a provocar unha profunda preocupación no sector dos valeiros, afeitos a unhas peculiaridades e mercado alleo o que se pretende regular mediante a citada orde.

Son moitos os que anuncian que, de facerse obrigatoria este forma de venda, non poderán continuar con esta actividade, que otorga importantes ingresos ao colectivo pero tamén aos restaurantes e concellos das zonas de extracción. O afán recadatorio da consellería esquece as peculiaridades da venda destas especies, que en moitos casos redúcese a venda polo miudo de unha ou duas unidades por cliente, elemento que se faría imposible mediante o modelo plantexado na Orde, que parece unha vez máis tratar de favorecer ao sector dos intermediarios que aos profesionais do mar.

Polo exposto formulamos a seguinte pregunta, para a súa resposta oral en **Pleno**

Ten previsto a conselleria entablar unha negociación que permita suavizar alguns dos requisitos da citada orde cos colectivos afectados, tendo en conta

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2014 10:50
Nº Rexistro: 22243
Data envío: 15/04/2014 10:50:55.384

as peculiaridades de determinadas zonas de estracción, o respecto por exemplo da execución de instalacións de venda autorizada nos lugares onde non existe na actualidade?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2014.

Asdo.: Juan M. Fajardo Recouso

Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Juán Manuel Fajardo Recouso na data 15/04/2014 10:49:30

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2014 12:00
Nº Rexistro: 22249
Data envío: 15/04/2014 12:00:53.848

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Rodas Chapela e **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á avaliación que realiza o Goberno de Galiza do Plan de Recuperación de Zonas improdutiva para o marisqueo a pé.

No ano 2010 a conselleira do Mar, Rosa Quintana, anunciaba o compromiso do seu departamento para elaborar as bases dun Plan de de Zonas Improdutivas, que tiña como finalidade a recuperación dos bancos marisqueiros de baixa produtividade, para lograr un aumento da superficie cultivada e incentivar o incremento da produción de moluscos dada a alta demanda dun mercado interno que cada día consume maior cantidade de bivalvos frescos, o que permitirá dar á sociedade galega postos de traballo para "moitas mulleres e homes que o están necesitando".

A conselleira apelaba daquela á colaboración das representantes das 38 agrupacións de mariscadoras de Galicia para que "xuntas" conseguiran recuperar aqueles niveis de mariscadoras que houbo cando empezaron. Falaba a conselleira de 20.000 persoas, en referencia a época nas que o sector estaba integrado por este número de mariscadoras, antes da súa profesionalización na década dos 90.

Este Plan de Recuperación de Zonas Improdutivas foi un recurso constantemente utilizado pola titular da consellería diante do sector, e igual valía para un plan experimental de recuperación dunha zona concreta que para agora mesmo presentar a Estratexia Galega de Acuicultura, onde novamente volve ser un dos referentes, intentando consolidar a súa evolución desde unha actividade de semicultivo a unha actividade profesional.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2014 12:00
Nº Rexistro: 22249
Data envío: 15/04/2014 12:00:53.848

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na mesma Estratexia volve considerar unha serie de medidas a adoptar, que ao noso entender xa deberían estar solventadas como: a elaboración dun plan de zonas improdutivas e saneamento das rías, a rexeneración das zonas degradadas, a mellora da capacidade de subministro de semente para poder cultivar e engordar o molusco, unha maior profesionalización das labores de cultivo, medidas para mellorar a comercialización, etc, para así conseguir unhas rendas dignas.

Polo tanto, estamos ante unha reedición dun compromiso, pero desta nova volta intentando vinculalo aos fondos europeos (FEMP). O BNG considera que o que habería que avaliar son os resultados deste compromiso dende o ano 2010, tanto no aspecto produtivo, de emprego, como, e sobre todo, a mellora da comercialización.

Estas son as razóns que nos levan a formular a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que avaliación realiza o Goberno de Galiza do Plan de Recuperación de Zonas improdutivas?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2014

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**
Deputado do G.P. do BNG
Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2014 12:00
Nº Rexistro: 22249
Data envio: 15/04/2014 12:00:53.848

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 15/04/2014 11:59:57

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 15/04/2014 12:00:04

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2014 13:20
Nº Rexistro: 22259
Data envío: 15/04/2014 13:20:26.238

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Rodas Chapela e **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa a que si a Consellaría de Medio Rural e do Mar comparte os criterios de Bruxelas de que sobra flota pesqueira artesanal e que a galega debe reducir o seu esforzo pesqueiro polo que ben de aprobar axudas para á súa paralización definitiva.

Ven de publicarse a Orde do 3 de abril de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas á paralización definitiva dos buques pesqueiros afectados polo Plan de xestión integral da pesca de baixura no caladoiro nacional do Cantábrico-Noroeste, cofinanciadas nun 75% co Fondo Europeo de Pesca

Estas axudas van destinadas a embarcacións sometidas a plans de recuperación, plans de xestión, plan nacional de desmantelamento, medidas de urxencia da Comisión, medidas de urxencia do Estado membro, medidas dos estados membros dentro das 12 millas, aplicables unicamente aos buques pesqueiros que enarbolen o seu pavillón.

A finalidade desta orde é acatar as directrices de Bruxelas, no sentido de adaptar a nosa flota á dispoñibilidade dos recursos, non mediante mellores negociacións e un trato xusto, senón mediante a redución do esforzo pesqueiro,

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2014 13:20
Nº Rexistro: 22259
Data envio: 15/04/2014 13:20:26.238

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

asumindo como propio a obrigatoriedade de ter que reducir o número de embarcacións como principal piar dos fondos comunitarios que a actual consellaría subscribe, apoia e comparte.

Prantéxaselle unha solución individual ao armador, mentres as tripulacións quedan ao pairo para que as embarcacións galegas poidan servir de arrecifes artificiais ou de elementos folclóricos nas rotondas dos paseos marítimos, promocionando o que puido ser e acabou sendo a flota galega.

Estas son as razóns que nos levan a formular a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Comparte a Consellaría de Medio Rural e do Mar o criterio de Bruxelas de que sobra flota pesqueira, e que a galega debe financiarse para que poida paralizarse definitivamente?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2014

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**
Deputado do G.P. do BNG
Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2014 13:20
Nº Rexistro: 22259
Data envio: 15/04/2014 13:20:26.238

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 15/04/2014 13:18:08

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 15/04/2014 13:18:14

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2014 09:32
Nº Rexistro: 22316
Data envío: 16/04/2014 09:32:52.658

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral para a súa resposta en Pleno.**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola súa gran repercusión social.

A declaración diante do xuíz instrutor, do ex senador e antigo tesoureiro do Partido Popular, persoa da máxima confianza do actual presidente do Goberno, deixa algunhas evidencias:

- O financiamento ilegal desa formación política, de xeito ininterrompido.
- O financiamento ilegal das campañas electorais.
- Os sobresoldos ilegais pagados ó Sr. Rajoy e outros dirixentes dese partido
- Un sistema de Caixa B en cada provincia, coñecido polos respectivos dirixentes.

Mesmo o punto de partida aparece relacionado cun embargo no Partido Popular de Pontevedra.

Os dirixentes do Partido Popular adebedan unha explicación documentada e convincente sobre esas denuncias, efectuadas por quen ostentou, ata data recente, importantes responsabilidades internas e de representación popular. Tamén sobre o mecanismo de pagos ilícitos a dirixentes políticos incursos na lexislación de incompatibilidades. En Galicia, o Partido Popular tamén adebeda unha explicación documentada dunha situación da que presuntamente serían coñecedores e cómplices varias persoas das estruturas provincias e autonómica.

Igualmente o Sr. Núñez Feijoo, como presidente desa organización, non ten ofrecido ningunha explicación. A mesma postura observada diante das informacións que testemuñaban unha relación persoal cun coñecido dirixente do narcotráfico. A día de hoxe, un ano máis tarde, o Parlamento

descoñece, pola negativa do Sr. Núñez Feijoo, as relación contractuais entre o Sergas e as empresas do devandito delincuente. Silencio elocuente.

Se cumpren nove meses de parálise da Comisión de estudo para a prevención da corrupción, impulsada polo Grupo Parlamentario Socialista. O PP e o Sr. Núñez Feijoo rexeitan discutir e aprobar medidas preventivas. No seu lugar, anuncios mediáticos sen contido sobre Códigos de conduta, sen compromisos realmente novos, mesmo cuestionados polas organización sindicais. No lugar da transparencia, a propaganda. Fronte os compromisos a evanescente declaración de intencións de quen se nega a documentar a honestidade da súa actuación.

Diante desa situación tan preocupante para a integridade da vida política, este grupo presenta a seguinte pregunta:

Que valoración fai o Goberno galego das investigación xudiciais que reflicten financiamento irregular da formación política que sustenta á Xunta?

Pazo do Parlamento, 16 de abril de 2014

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 16/04/2014 09:24:29

María Carmen Gallego Calvar na data 16/04/2014 09:24:45

Pablo García García na data 16/04/2014 09:24:49

María Remedios Quintas Álvarez na data 16/04/2014 09:26:02

Juán Carlos González Santín na data 16/04/2014 09:26:15

María Soledad Soneira Tajes na data 16/04/2014 09:26:23

María Concepción Burgo López na data 16/04/2014 09:26:31

Abel Fermín Losada Álvarez na data 16/04/2014 09:26:36

Manuel Vázquez Fernández na data 16/04/2014 09:26:44

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2014 09:32
Nº Rexistro: 22316
Data envio: 16/04/2014 09:32:52.658

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 16/04/2014 09:26:50

Raúl Fernández Fernández na data 16/04/2014 09:26:56

Beatriz Sestayo Doce na data 16/04/2014 09:27:03

José Manuel Gallego Lomba na data 16/04/2014 09:27:13

María Carmen Acuña do Campo na data 16/04/2014 09:27:19

José Antonio Sánchez Bugallo na data 16/04/2014 09:27:27

José Ramón Val Alonso na data 16/04/2014 09:27:33

Patricia Vilán Lorenzo na data 16/04/2014 09:27:34

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 16/04/2014 09:27:36

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2014 11:40
Nº Rexistro: 21946
Data envio: 09/04/2014 11:40:24.122

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á reposición do dereito á prestación por desemprego a traballador@s afectados por ERTES.

Diante das alarmantes cifras de persoas desempregadas e da multiplicación de ERES, o Goberno español aprobou dentro da Lei 3/2012, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, unha medida destinada a Expedientes de Regulación Temporais de Emprego, no senso de que @s traballador@s afectad@s polos mesmos non viran diminuída a súa prestación futura se foran despedid@s posteriormente no caso de que o ERTE rematara sendo un ERE de extinción.

Deste xeito o artigo 16 desta lei no seu apartado 1 establece:

"Cando unha empresa, en virtude do artigo 47do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores ou dun procedemento concursal, teña suspendido contratos de traballo, de forma continuada ou non, ou teña reducido o número de días ou horas de traballo, e posteriormente se extingan contratos ao amparo dos artigos 51 ou 52c) do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores ou o artigo 64 da Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal, os traballadores afectados terán dereito á reposición da duración da prestación por desemprego de nivel contributivo polo mesmo número de días que tiveran percibido o desemprego

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2014 11:40
Nº Rexistro: 21946
Data envio: 09/04/2014 11:40:24.122

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

total ou parcial en virtude de aquelas suspensións ou reducións cun límite máximo de 180 días, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

a) Que as suspensións ou reducións de xornada se teñan producido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2012, ambos inclusive.

b) Que o despido se produza entre o 12 de febreiro de 2012 e o 31 de decembro de 2013."

O BOE de 26 de xaneiro de 2013 publicaba o Real Decreto-lei 1/2013 de 25 de xaneiro, que no seu artigo 3 ampliaba o prazo para a reposición do dereito á prestación por desemprego durante un ano máis.

Esta medida non se ten renovado no actual ano 2014, de xeito que @s traballador@s que se vexan afectad@s por un ERTE con posterioridade á prórroga establecida veranse prexudicad@s, o que traerá tamén como consecuencia máis dificultades nas posíbeis negociacións de ERTES nas empresas.

Por estas razóns formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Ten avaliado o Goberno galego as consecuencias en Galiza da non renovación da reposición do dereito á prestación por desemprego establecida no apartado 1 do artigo 16 da Lei 3/2012 de 6 de xullo de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral?

-Considera que vai engadir dificultades ás negociacións de posíbeis

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2014 11:40
Nº Rexistro: 21946
Data envio: 09/04/2014 11:40:24.122

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ERTES a non renovación da reposición do dereito á prestación por desemprego?

-Vai o Goberno galego solicitar do Goberno español a reposición do dereito á prestación por desemprego?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2014

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/04/2014 11:35:45

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2014 16:30
Nº Rexistro: 22032
Data envío: 09/04/2014 15:04:22.169

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Beatriz Sestayo Doce, Vicente Docasar Docasar e Marisol Soneira Tajes, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

O Goberno vén de anunciar a supresión dos partidos xudiciais existentes en Galicia, para concentrar aos xuíces nas capitais provinciais e crear tribunais de instancia. En Galicia esa medida suporá a desaparición de 43 partidos xudiciais e unha fonda alteración do funcionamento da xustiza, da accesibilidade dos cidadáns e dos custos asociados.

O Goberno popular modificou fondamente esa proposta, paralizando os procesos de modernización tecnolóxica, de posta en funcionamento da nova oficina xudicial e de creación de prazas. Agora proponse a desaparición dos partidos xudiciais e a concentración da actividade xurisdicional nas capitais de provincia. Mesmo cidades como Vigo, Santiago ou Ferrol perderían as súas sedes xudiciais.

Así o Goberno Rajoy, co respaldo da Xunta de Galicia, continúa o labor de afastamento dos cidadáns da xustiza. Primeiro promulgaron unha nova lei de taxas, disuasorias pola súa contía e restritivas para as persoas con menos recursos. Agora a supresión de partidos xudiciais incrementará os custos de desprazamento. Fica esquecida a defensa dos dereitos dos cidadáns e o acceso a unha tutela xudicial efectiva, como garante o artigo 24. 1 da Constitución española.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2014 16:30
Nº Rexistro: 22032
Data envío: 09/04/2014 15:04:22.169

Esta proposta ten un grave impacto sobre a vida cotiá dos cidadáns e das cidadás, polo que as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión.

1ª) Apoia a Xunta de Galicia a proposta do Goberno do Estado de supresión dos partidos xudiciais galegos?

2ª) De non ser así, que medidas serán adoptadas para evitar a aprobación desa proposta?

3ª) Que entidades galegas do ámbito da xustiza foron consultadas e cal foi o seu parecer?

4ª) As cidades de Vigo, Santiago e Ferrol, quedarán sen órganos xudiciais?

Pazo do Parlamento, 9 de abril de 2014

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2014 16:30
Nº Rexistro: 22032
Data envio: 09/04/2014 15:04:22.169

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Beatriz Sestayo Doce na data 09/04/2014 15:02:54

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 09/04/2014 15:03:04

María Soledad Soneira Tajes na data 09/04/2014 15:03:16

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2014 09:30
Nº Rexistro: 22043
Data envio: 09/04/2014 18:36:44.707

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

As deputadas e os deputados que asinan pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, solicitan a esa mesa se proceda a realizar unha **corrección de erros** advertida nos documentos con números de rexistro: 21991, 21992, 21993, 21994, 21995, 21996, 21997, 21998, 21999, 22000, 22001, 22002, 22003, 22004, 22005, 22006, 22007 e 22032, na terceira liña do primeiro parágrafo da exposición de motivos, onde di: "… a desaparición de 43 partidos …", debe dicir: "… a desaparición de 41 partidos …".

Pazo do Parlamento, 9 de abril de 2014

Asinado dixitalmente por:

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 09/04/2014 18:32:33

José Antonio Sánchez Bugallo na data 09/04/2014 18:32:50

Beatriz Sestayo Doce na data 09/04/2014 18:33:05

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 09/04/2014 18:33:20

José Ramón Val Alonso na data 09/04/2014 18:33:33

Juán Carlos González Santín na data 09/04/2014 18:33:43

María Concepción Burgo López na data 09/04/2014 18:34:01

María Soledad Soneira Tajes na data 09/04/2014 18:34:24

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2014 17:07
Nº Rexistro: 22034
Data envío: 09/04/2014 17:07:52.596

grupo parlamentario de Galicia

A Mesa do Parlamento

Agustín Baamonde Díaz, Angel Camino Copa, Mª Dolores Faraldo Botana, Jaime Iñiguez Martínez, Enrique Novoa López, Aurelio Núñez Centeno, Miguel Prado Patiño e **Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

A mediados do ano pasado anunciábase o lanzamento dunha produción audiovisual novedosa para o conxunto das televisións autonómicas, ao participar practicamente todas elas na produción dunha serie de ficción para emisión diaria, situación que ao parecer nunca se dera en trinta anos de existencia destes entes.

Coidamos que neste proxecto a Televisión de Galicia asumiu unha importancia destacada xa que a rodaxe se fixo nesta Comunidade e nela tivo un peso específico o sector audiovisual galego.

Unha vez rematada a produción e a emisión desta serie na Televisión de Galicia, os deputados asinantes, formulamos as seguintes preguntas:

1. Que valoración fai do proxecto desde o lado da colaboración entre televisións autonómicas?

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR

DE GALICIA

Rúa do Hórreo, 63

15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2014 17:07
Nº Rexistro: 22034
Data envío: 09/04/2014 17:07:52.596

grupo parlamentario de Galicia

2. Cumpríronse os obxectivos desta produción como contido que foi inserido na grella da Televisión de Galicia?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2014

Asinado dixitalmente por:

Agustín Baamonde Díaz na data 09/04/2014 17:05:14

Angel Camino Copa na data 09/04/2014 17:05:26

María Dolores Faraldo Botana na data 09/04/2014 17:05:37

Jaime Iñíguez Martínez na data 09/04/2014 17:05:44

Enrique Nóvoa López na data 09/04/2014 17:05:56

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 09/04/2014 17:06:06

Jesús Miguel Prado Patiño na data 09/04/2014 17:06:14

Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 09/04/2014 17:06:32

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR

DE GALICIA

Rúa do Hórreo, 63

15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2014 09:30
Nº Rexistro: 22044
Data envio: 09/04/2014 19:06:05.218

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

José Antonio Sánchez Bugallo, Patricia Vilán Lorenzo e Raúl Fernández Fernández, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

No ano 2011 estaba previsto por parte do Ministerio de Medio Ambiente a construción da nova EDAR de Santiago na parroquia de Laraño. A dita actuación contaba con declaración de impacto ambiental, anteproxecto de obras, proxecto de expropiación dos terreos sometido a exposición pública e aprobado, e con financiamento por importe de 38 millóns de euros da Unión Europea.

Durante a campaña electoral para as eleccións municipais de 2011 o Partido Popular comprometeuse a cambiar o emprazamento da citada depuradora no caso de gañar as eleccións municipais, como consecuencia do resultado electoral o novo Goberno municipal primeiro e posteriormente a Consellería de Medio Ambiente, Territorio, Infraestruturas e Vivenda e o Ministerio comprometéronse a trasladar a construción a unha nova radicación na zona do Souto, aproximadamente a 1 Km do emprazamento previsto anteriormente; anunciouse tamén naquel momento, outubro de 2011, que o traslado suporía un atraso como máximo de 6 meses e que as obras estarían iniciadas, en todo caso, antes do ano 2013. Transcorridos dous anos e medio, e estando xa no ano 2014 non está aprobada a declaración de impacto ambiental, tampouco está aprobada a expropiación dos terreos e por suposto non se iniciou ningunha obra.

Por todo o anterior formúlanse as seguintes preguntas:

1ª) Cal é a data prevista para o inicio das obras?

2ª) Cal é a data prevista para a posta en funcionamento da nova EDAR?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2014 09:30
Nº Rexistro: 22044
Data envío: 09/04/2014 19:06:05.218

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

3ª) Que repercusións terá sobre a tarifa de saneamento que pagan os cidadáns de Santiago a entrada en funcionamento desta nova instalación, ou senón se entende ben a pregunta, será repercutida na tarifa de saneamento a amortización total ou parcialmente do investimento necesario para a construción desta infraestrutura?

Pazo do Parlamento, 9 de abril de 2014

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Sánchez Bugallo na data 09/04/2014 19:03:40

Patricia Vilán Lorenzo na data 09/04/2014 19:03:54

Raúl Fernández Fernández na data 09/04/2014 19:04:06

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2014 09:30
Nº Rexistro: 22045
Data envio: 09/04/2014 19:08:58.078

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

José Antonio Sánchez Bugallo, María del Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Álvarez, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo l52 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A Consellería de Sanidade tiña comprometido dende o ano 2009 e nalgún caso desde antes a construción de catro novos centros de saúde na comarca de Santiago: Teo, Milladoiro (Ames), Galeras e Conxo en Santiago, deles e a pesar do tempo transcorrido só parece ter iniciado a súa andaina o de Galeras, carecendo de noticias dos restantes, salvo no caso do centro de saúde de Conxo no que polo que sabemos está redactado o proxecto e hai xa case tres anos que foron recepcionados os terreos pola consellería, sen que se teña licitada a obra.

Por todo o anterior formúlanse as seguintes preguntas:

1ª) Mantén a consellería a previsión de construír o centro de saúde de Teo, de ser positiva a resposta, para cando ten previsto iniciar a obra?

2ª) Ten previsto a consellería construír o novo centro de saúde do Milladoiro, no seu caso, cando prevé iniciar a obra?

3ª) Mantén a consellería o compromiso de construír o centro de saúde de Conxo, de ser afirmativa a resposta, para cando ten previsto iniciar a obra?

4ª) No referente ao centro de saúde de Galeras, cando se prevé o inicio e o remate da obra?

Pazo do Parlamento, 9 de abril de 2014

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2014 09:30
Nº Rexistro: 22045
Data envio: 09/04/2014 19:08:58.078

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Sánchez Bugallo na data 09/04/2014 18:45:43

María Carmen Acuña do Campo na data 09/04/2014 18:45:53

María Carmen Gallego Calvar na data 09/04/2014 18:46:06

María Remedios Quintas Álvarez na data 09/04/2014 18:46:11

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2014 10:25
Nº Rexistro: 22053
Data envío: 10/04/2014 10:25:51.142

GRUPO PARLAMENTAR AGE Alternativa Galega de Esquerda

anova · espazo ecosocialista galego · EQUO

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez, deputada do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na comisión primeira,** relativa a concesión provisional das axudas da RISGA e das AES cando sexa a propia administración a que demore a resolución das mesmas.

As consecuencias sociais da crise si as detecta o Valedor do Pobo, o cal no seu informe aprecia ese significativo aumento das queixas por problemas económicos derivados do paro, a perda de poder adquisitivo e o deterioro das condicións de vida. Familias e menores son golpeadas ao punto de chegar a perder, entre a indeferenza cómplice do goberno galego, a súa vivenda.

No informe do Valedor do Pobo do ano 2013 confírmase, entre outras, un incremento no número das solicitudes de axudas sociais derivadas do panorama crítico enunciado no anterior parágrafo. As rendas de integración social e as axudas de emerxencia social son máis demandadas que nunca (segundo os dados facilitados pola mesma Xunta de Galicia), á vez que crece o número de queixas relativas a súa concesión, ben por seren denegadas pola administración ben polos retrasos no seu procedemento de concesión. Circunstancia esta última que atenta á propia natureza destas axudas, que requiren urxencia de seu no procedemento de resolución.

A superación do prazo contido na lei, 3 meses, tense que entender como límite máximo e marca unha virtualidade á administración pública galega para resolver o expediente de solicitude. Do contrario, o Valedor non ten empacho en reclamar que se resolva de maneira provisional a súa concesión, sempre que a causa imputable do retraso non se deba á persoa solicitante. Valoración e demanda que Alternativa Galega da Esquerda fai súa.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2014 10:25
Nº Rexistro: 22053
Data envio: 10/04/2014 10:25:51.142

En atención ao referido, o grupo parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral na comisión:

- Contempla o goberno galego implementar a recomendación do Valedor do Pobo no seu informe do ano 2014 favorable a que toda solicitude da RISGA ou AES, cuxa tramitación se demore máis alá dos tres meses por causa non imputable á persoa solicitante, sexa concedida de maneira provisional?

Compostela, 10 de abril do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 10/04/2014 10:24:45

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2014 11:17
Nº Rexistro: 22094
Data envio: 10/04/2014 11:17:15.408

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Rodas Chapela e **Montserrat Prado Cores**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa as medidas adoptadas para a posta en funcionamento dun novo local para Oficina de Emprego no concello de Cangas.

O colectivo de traballadores/as da Oficina de Emprego de Cangas ven denunciando as pésimas condicións de traballo nas que desenvolven a súa actividade laboral, localizada no Paseo Marítimo, nº 8. En ditas instalacións, o tamaño é tan reducido que fai que cuns poucos usuarios se masifique a atención, chegando as veces a espera até a rúa. Na atención non hai a mínima confidencialidade, e fai que se este a prestar o servizo nunhas condicións deficientes. Por non cumprir, non cumpre nin as mínimas normas de prevención e seguridade de riscos laborais, cuestión esta que tamén ven sendo denunciada polo sindicato CIG.

A Consellería de Traballo ten comprometido o seu traslado a un novo local ubicado na avenida de Vigo, pero o mesmo non acaba de reunir tódolos requisitos que esixe a lexislación local, pois a día de hoxe continúa sen ter licenza municipal. E iso despois de que se levaran a cabo custosas obras de acondicionamento e que o local leve arrendando dende o ano 2012 a un prezo nada desdeñábel de 2.000 euros/mes. Un problema que non é de agora, xa que as primeiras denuncias por parte de empregados e usuarios parten do ano 2010, mais a realidade é que a día de hoxe non se ten solucionado o problema.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2014 11:17
Nº Rexistro: 22094
Data envio: 10/04/2014 11:17:15.408

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas son as razóns que nos levan a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

1.- Cando pensa a Consellería de Traballo darlle unha solución definitiva ao problema de pésimas condicións da Oficina de Emprego de Cangas ?

2.- Non considera que dende o ano 2012 é un tempo excesivo para que a Consellería presente o proxecto de acondicionamento, o Concello de Cangas autorice as obras, e que as mesmas se poidan levar a cabo?

3.- Que custe está a ter o aluguer do local e dende que data? A canto ascenden obras de acondicionamento? Cando se poñerá en funcionamento a nova Oficina de Emprego, en que condicións e en que localización?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2014

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**
Montserrat Prado Cores
Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 10/04/2014 11:16:32

María Montserrat Prado Cores na data 10/04/2014 11:16:38

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2014 16:30
Nº Rexistro: 22113
Data envio: 10/04/2014 14:29:54.821

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á actuación do Goberno galego ante o anteproxecto de lei orgánica do poder xudicial aprobado polo Consello de Ministros e o seu impacto en Galiza.

O pasado día 4 de abril o Consello de Ministros aprobou o anteproxecto de lei orgánica do poder xudicial que entre outros aspectos prevé unha nova ordenación territorial da administración de xustiza. Neste ámbito unha das reformas máis salientábeis consiste na creación dos chamados Tribunais de instancia provinciais, con sede na capitalidade provincial, aos que se lles dota de competencias en todo o ámbito territorial da respectiva provincia e en todos as ordes xurisdicionais.

Na práctica isto supón a desaparición de todos os partidos xudiciais existentes en Galiza tal e como os viñamos coñecendo até a actualidade e polo tanto un novo afastamento da administración de xustiza da cidadanía, establecendo un novo elemento de segregación social á hora do exercicio do dereito de tutela xudicial efectiva. Como consecuencia desta lei tamén desaparecen os xulgados de paz, que só manterán as competencias do rexistro civil que como é ben sabido está en vías de ser privatizado. Tampouco é menor o impacto económico que ten en cidades, vilas e comarcas a eliminación de servizos públicos.

No anteproxecto tamén se prevé a posibilidade de que a través da futura modificación da lei de demarcación e planta se poidan establecer sedes desprazadas de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2014 16:30
Nº Rexistro: 22113
Data envio: 10/04/2014 14:29:54.821

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

todas ou algunha das salas dos tribunais provinciais de instancia naquelas localidades que no momento da entrada en vigor da lei existisen sedes xudiciais.

Para incrementar o caos que comportaría a aplicación deste deseño territorial da xustiza nunha disposición transitoria establécense uns criterios de reparto provincial de asuntos que poden devir en situacións esperpénticas que obriguen a profesionais e cidadanía a peregrinar de punta a punta da provincia para a tramitación dos seus preitos.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego considera que o despropósito desta reforma é tal que motivou xa o rexeitamento de practicamente todas as instancias profesionais, sociais e mesmo institucionais de Galiza. É imprescindíbel que en atención ao seu impacto na nosa nación e tamén a que o Goberno galego ten competencias na xestión dos medios materiais e humanos da administración de xustiza e polo tanto será quen teña que afrontar os gastos nese ámbito derivados desta reforma, debera definir unha estratexia de actuación orientada a conseguir a modificación substancial da proposta deseñada en dito anteproxecto de lei.

Estas son as razóns polas que se formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.- Como valora esta proposta de organización territorial da administración de xustiza contida neste anteproxecto de lei?

2.- Cal cre que é o seu impacto na atención á cidadanía?

3.- Que vai pasar coas sedes xudiciais actualmente existentes nos distintos partidos xudiciais?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2014 16:30
Nº Rexistro: 22113
Data envio: 10/04/2014 14:29:54.821

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4.- Ten avaliado o custe que para a administración galego suporía a súa implantación?

5.- Considera adecuada a desaparición de todos os partidos xudiciais?

6.- Que actuacións ten previsto realizar coa finalidade de lograr a retirada desa proposta?

7.- Como ten previsto defender unha administración de xustiza apegada ás necesidades da cidadanía galega?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2014

Asdo.: **Tereixa Paz Franco**
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tareixa Paz Franco na data 10/04/2014 14:27:31

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2014 17:12
Nº Rexistro: 22130
Data envío: 10/04/2014 17:12:10.227

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Juan Carlos González Santín, José Antonio Sánchez Bugallo e José Luis Méndez Romeu deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A Axencia Tributaria está reclamando ás familias galegas beneficiadas da dación en pago que abonen os correspondentes impostos ao considerar que esta operación xerou una ganancia patrimonial. Estas cantidades roldan, nalgúns casos, os 10.000 euros. Deste xeito, só na área de Vigo se poderían ver prexudicadas este ano decenas de familias e, en Santiago, segundo informan dende a Plataforma Antidesahucios, o fisco reclamou xa o abono de tributos a un dos afectados, aínda que a previsión é que se repita en máis casos, posto que dende a entrada en vigor da Lei de medidas para reforzar a protección aos debedores hipotecarios multiplicáronse as dacións de pago en Galicia.

Antes desta normativa, estas operacións eran minoritarias. Sen embargo, coa súa posta en marcha, abriuse a posibilidade a que moitas familias, incapaces de afrontar o pago da hipoteca e ameazadas de embargo, puidesen saldar a súa débeda co banco, cedendo a súa vivenda.

O problema chega na declaración da renda do ano seguinte, xa que a Axencia Tributaria esixe ás familias afectadas que tributen polos beneficios obtidos no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. É dicir, tómase como referencia a diferenza entre o prezo da compra da vivenda e o importe da dación en pago, incluído o pago da débeda, os xuros e os custos de cancelación da hipoteca impagada. Así mesmo, tamén teñen que abonar a taxa de plusvalía municipal.

O Goberno incluíu, a través dun decreto aprobado en marzo do ano pasado, excepcións a esta tributación, liberando a aquelas persoas que se atopan no albor da exclusión. Non obstante, na práctica, esta exención está limitada a un número moi reducido de casos.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2014 17:12
Nº Rexistro: 22130
Data envío: 10/04/2014 17:12:10.227

Entre as condicións para non se ter que ver obrigados a efectuar o pago de tributos está que ningún dos membros da unidade familiar obteña ingresos ou que a cota hipotecaria resulte superior ao 60 % das retribucións netas obtidas pola familia. Tamén se lles esixe que carezan doutros bens ou dereitos patrimoniais, que non se presentasen avais e que a hipoteca se concedese para a única vivenda en propiedade do debedor.

Tendo en conta o anteriormente exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión.

1ª) Está de acordo a Xunta de Galicia coa decisión do Goberno central de reclamar ás familias galegas ata 10.000 euros pola dación en pago da súa vivenda?

2ª) Ten pensado o Goberno galego emprender algunha medida para facilitar aos afectados o pago do importe reclamado pola Axencia Tributaria?

3ª) Considera lóxico a Xunta de Galicia que Facenda inclúa como ganancia patrimonial a entrega da vivenda á entidade financeira por non poder pagar a hipoteca?

Pazo do Parlamento 10 de abril de 2014

Asinado dixitalmente por:

Juán Carlos González Santín na data 10/04/2014 17:07:29

José Antonio Sánchez Bugallo na data 10/04/2014 17:07:40

José Luís Méndez Romeu na data 10/04/2014 17:07:50

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 09:30
Nº Rexistro: 22147
Data envío: 10/04/2014 19:09:45.100

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Rodas Chapela e **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión non lexislativa para Asuntos Europeos**, relativa ás medidas que vai adoptar o Goberno galego para impedir que o novo Fondo Europeo Marítimo de Pesca sexa destinado a manter e suplementar medidas contrarias ao mantemento do sector pesqueiro.

O pasado mes de xaneiro o Consello de Pesca da UE e o Parlamento Europeo alcanzaban un acordo sobre o futuro do Fondo Europeo Marítimo de Pesca (FEMP) polo cal se van destinar aproximadamente un total de 6.500 millóns de euros á política pesqueira para o período 2014-2020, co obxectivo de reforzar novas medidas que afonden na aplicación da Política Pesqueira Común (PPC) e que vai traer consecuencias directas no sector da pesca galega, xa que as competencias na xestión da pesca asúmeas directamente Bruxelas.

Estes fondos van destinados a impulsar diversas medidas como o mantemento da política de desguaces ata o ano 2017, medidas de regulación do esforzo pesqueiro como os descartes, e financiamento para paralizacións temporais e definitivas, industria, comercialización, etc.

Estes fondos teñen unha incidencia importante no Estado español e concretamente en Galiza, pois é o País que maior dependencia ten desta actividade, e o que conta co maior número de empregos directos e indirectos. Por iso, é importante saber o modelo de aplicación a nivel estatal destes fondos así

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 09:30
Nº Rexistro: 22147
Data envio: 10/04/2014 19:09:45.100

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

como saber cales son os criterios establecido para financiar a inversión en fomento da pesca responsable, no apoio a acuicultura, canto se vai destinar a industria en materia de innovación e trazabilidade, a que segmentos da actividade van destinados, as campañas de produción e de comercialización e os obxectivos que plantexa, que vai pasar cos produtos con denominación de orixe, etc.

Estas son as razóns que nos levan a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión non lexislativa para Asuntos Europeos:

1.- Comparte a idea que ten a Comisión de Pesca de que sobran barcos e que é necesario adherir fondos para que os armadores poidan seguir solicitando axudas ata o 2017?

2.- Comparte o Goberno galego a necesidade de financiar a acuicultura intensiva, coa eliminación das restricións ao tamaño das empresas existentes? A quen beneficia esta medida?

3.- Amparándose nun enfoque ambientalista pretenden apoiar actuación para seguir desenvolvendo a actual PPC, mantendo o dogma de Máximo Rendemento Sostible e complementándoo agora coa eliminación total de descartes. Cree que este é o modelo máis acaído a pesca que desenvolve a flota galega? Que medidas pensa adoptar para mitigar este drama?

4.- Con que criterios vai apoiar a paralización temporal da actividade pesqueira? Cando sexa necesario adoptar medidas urxentes e haxa previsto plans

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 09:30
Nº Rexistro: 22147
Data envio: 10/04/2014 19:09:45.100

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de xestión, no caso de ruptura de acordos internacionais ou como un instrumento de xestión e regulación das pesquerías galegas?

5.- No ámbito da comercialización e promoción como se vai concretar o apoio as marcas que se identifiquen co propio, e a comercialización con transparencia e identidade?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2014

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**
Deputado do G.P. do BNG
Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 10/04/2014 19:07:45

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 10/04/2014 19:07:50

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 11:53
Nº Rexistro: 22157
Data envío: 11/04/2014 11:53:47.966

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Pablo García García, **Marisol Soneira Tajes**, **Raúl Fernández Fernández** e **José Ramón Val Alonso**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta ora en Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

A normativa europea dende o ano 2007 vén establecendo unha serie de medidas para mellorar o equilibrio da cadea de valor no sector lácteo e reforzar a posición negociadora dos produtores, pero foi no ano 2012 cando definitivamente se aproban modificacións relativas as funcións outorgadas ás organizacións de produtores no sector lácteo, e autorízase a estas a poder negociar de forma colectiva os termos dos contratos, cunhas condicións e cunhas limitacións perfectamente definidas, e do mesmo xeito se establece a obrigatoriedade de realizar contratos por escrito nas entregas de leite.

O desenvolvemento desa normativa regula o recoñecemento das organizacións de produtores de leite e das organizacións interprofesionais no sector lácteo e establece as súas condicións de contratación, o que tamén, en certa medida, ten relación ca aprobación da Lei de mellora da cadea alimentaria.

A finalidade desta norma legal é a de dotar aos produtores dunha ferramenta de estabilidade que lles permita evitar a especulación estacional, unha garantía de cobro a un prezo pactado con antelación e tamén que sirva como ferramenta de protección ante a inminente desaparición dos sistema de cotas.

Ao tempo que establece que a duración dos contratos debe ser cando menos anuais, aínda que recolle que poida haber excepcións cando o gandeiro así o reflicta por escrito. Non obstante o que está recollido como excepción, parece ser que a industria o tomou como regra, e polo tanto non se está a cumprir a principal finalidade que a lexislación en vigor promulga.

Polo exposto anteriormente, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cantos contratos existen neste momento subscritos en Galicia entre produtores e industria con máis dun ano de duración?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 11:53
Nº Rexistro: 22157
Data envío: 11/04/2014 11:53:47.966

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

2. Cantas organizacións de produtores existen en Galicia?

3. Que medidas tomou a Xunta de Galicia para que a finalidade da norma legal en vigor se cumprira?

4. Vai a Xunta de Galicia a tomar algunha medida distinta, agora que a maioría dos contratos están rematados de cara a nova negociación dos contratos?

Pazo do Parlamento, 10 de abril de 2014

Asdo.: Pablo García García
Marisol Soneira Tajes
Raúl Fernández Fernández
José Ramón Val Alonso
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo García García na data 11/04/2014 11:51:14

María Soledad Soneira Tajes na data 11/04/2014 11:51:20

Raúl Fernández Fernández na data 11/04/2014 11:51:25

José Ramón Val Alonso na data 11/04/2014 11:51:31

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 12:30
Nº Rexistro: 22169
Data envío: 11/04/2014 12:30:39.981

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar, Manuel Vázquez Fernández, Beatriz Sestayo Doce, Marisol Soneira Tajes e **Vicente Docasar Docasar**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

No concello de Tui, vénse de celebrar unha competición de motociclismo da modalidade de enduro chea de irregularidades, como se evidenciou nas sancións impostas polas forzas de seguridade.

Controis policiais que demostraron que algúns dos participantes circulaban por Tui, sen levar nin ter carné de conducir e sen que os seus vehículos dispuxeran sequera de matrícula.

Desgraciadamente e como xa se ten advertido dende a Federación Galega de Motociclismo, estanse a celebrar numerosas competicións "estranas" dende principios do ano 2013 e, o acontecido en Tui, vén confirmar esas denuncias.

Pero as irregularidades dese acontecemento non quedaron só nas cometidas polos participantes e sancionadas pola Policía, senón que ao parecer tamén se daban no circuíto escollido e nos permisos e ata nos seguros que cubrían o evento.

O problema é que estas competicións "irregulares", ao resultar moi baratas, atraen a moita xente, pero o perigo está en que se realizan sen a cobertura, sen a seguridade necesaria por contratar pólizas insuficientes.

Sería a Administración autonómica a responsable de controlar e regular todo isto, tal e como establece a Lei 3/2012 do deporte de Galicia.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 12:30
Nº Rexistro: 22169
Data envio: 11/04/2014 12:30:39.981

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que sabe a secretaría desa competición celebrada en Tui?

2. Quen deu o consentimento para a esta celebración, o concello?

3. Quen é o responsable do que ocorra tanto no relacionado coa seguridade dos pilotos como coas das persoas do público que presenciaron a proba?

4. A secretaría é coñecedora da existencia de máis competicións deportivas que, como esa, se realizan fóra das federacións?

5. Que vai facer a Administración autonómica ao respecto, para evitar que se sigan celebrando eventos deportivos de risco, sen contar coas medidas de seguridade e os requisitos necesarios?

Pazo do Parlamento, 11 de abril de 2014

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Carmen Gallego Calvar
Manuel Vázquez Fernández
Beatriz Sestayo Doce
Marisol Soneira Tajes
Vicente Docasar Docasar
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Acuña do Campo na data 11/04/2014 11:54:55

María Carmen Gallego Calvar na data 11/04/2014 11:55:03

Manuel Vázquez Fernández na data 11/04/2014 11:55:05

Beatriz Sestayo Doce na data 11/04/2014 11:55:10

María Soledad Soneira Tajes na data 11/04/2014 11:55:17

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 12:30
Nº Rexistro: 22169
Data envio: 11/04/2014 12:30:39.981

Grupo Parlamentario

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 11/04/2014 11:55:24

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 12:32
Nº Rexistro: 22173
Data envío: 11/04/2014 12:32:31.309

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Carmen Acuña do Campo, José Antonio Sánchez Bugallo, Manuel Vázquez Fernández, Carmen Gallego Calvar e **María Quintas Alvarez**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Xefatura de Servizo de Cirurxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago volveu aos xornais galegos despois de que unha comisión avaliadora decidira outorgarlla de novo ao marido da conselleira de Sanidade.

Tres médicos optaron por concurso no 2010 a esa praza. Un catedrático e xefe de sección de cirurxía, o xefe de transplante abdominal e profesor universitario e un adxunto e profesor asociado.

Chama atención que, sen embargo, empataran os tres na puntuación por currículo e méritos, pero aínda chama máis atención que ao final a praza a ganara o adxunto que, iso si, era daquela o marido da xerente do Sergas, actual conselleira.

Esa decisión foi denunciada nos tribunais por un dos opositores que entendía se tiñan producido irregularidades no proceso e, ao final, o TSXG deulle a razón anulando esa xefatura por desviación de poder.

Pero, ante o estupor e a condena do conxunto do mundo sanitario, se volve celebrar a fase do concurso anulada polo máximo Tribunal de Xustiza e unha nova comisión avaliadora lle volve dar a praza a ese señor.

E de novo o proceso vai ser levado aos tribunais de Xustiza, pois o xefe de transplantes do CHUS, único contrincante nesta ocasión, entende que se cometeron irregularidades punibles por parte do marido da conselleira modificando o proxecto presentado inicialmente para engadirlle bibliografía.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 12:32
Nº Rexistro: 22173
Data envio: 11/04/2014 12:32:31.309

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes pregunta para o seu debate en Comisión:

1. Quen compoñía exactamente esa comisión avaliadora: nomes e cargos? E quen os designou?
2. E verdade que se modificou o proxecto inicial do Sr. Bustamante para engadirlle bibliografía?
3. En que se baseou exactamente a comisión para darlle unha maior puntuación o marido da conselleira?
4. Considera o Goberno que todo isto é positivo para o normal funcionamento dese servizo e do conxunto do sistema sanitario público?
5. Cantos concursos para designar xefaturas foron denunciados por irregularidades dende que leva gobernando o Sr. Feijóo?
6. En cantas desas denuncias lle deron a razón ao reclamante e cantas están aínda pendentes de resolver ?
7. Como explica o Goberno todas esas denuncias? Que imaxe pensa o Goberno que está dando esa reincidencia da conselleira no conxunto do sistema sanitario e na opinión pública?
8. Non considera o Goberno que o Sr. Feijóo tería que cesar a conselleira de Sanidade de producirse unha nova denuncia polo mesmo asunto?

Pazo do Parlamento, 10 de abril de 2014

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
José Antonio Sánchez Bugallo
Manuel Vázquez Fernández
Carmen Gallego Calvar
María Quintas Alvarez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 12:32
Nº Rexistro: 22173
Data envio: 11/04/2014 12:32:31.309

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Acuña do Campo na data 11/04/2014 12:08:43

José Antonio Sánchez Bugallo na data 11/04/2014 12:08:50

Manuel Vázquez Fernández na data 11/04/2014 12:08:56

María Carmen Gallego Calvar na data 11/04/2014 12:09:04

María Remedios Quintas Álvarez na data 11/04/2014 12:09:06

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 12:33
Nº Rexistro: 22175
Data envío: 11/04/2014 12:33:38.544

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Carmen Acuña do Campo, María Quintas Alvarez, Manuel Vázquez Fernández e Concepción Burgo López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Compañía da RTVG**.

É evidente como a CRTVG utiliza os informativos de forma parcial e interesada para favorecer os intereses do PP e de paso prexudicar todo o posible ao PSOE.

Esta afirmación que, feita dende o Grupo Parlamentario Socialista, podería ser tachada de pouco obxectiva, é facilmente comprobable mirando os informativos da TVG un par de días seguidos.

Toda España "flipando" co comportamento da Sra. Aguirre, mentres a Televisión de Galicia permanecía muda.

Toda Galicia sorprendida cos "regalos da hostia" da Sra. Prado e a Televisión de Galicia muda pero, sen embargo, para falar do alcalde de Lugo, aí non hai presunción de inocencia algunha.

Como tampouco hai desculpas e explicacións para repoñer o honor á Sra. Sestayo cando os tribunais desestimaron a denuncia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que persoas decidiron e porque razóns ocultar na Televisión de Galicia a información sobre a Sra. Aguirre, o día 3 de abril, cando foi no resto dos medios a noticia máis seguida?

2. Como e canto se informou da denuncia posta a Sra. Sestayo e como e canto da desestimación da mesma?

3. Considera o responsable do ente que a información sobre a implicación da voceira do PP no sumario da Pokemon está sendo adecuada e neutral?

Pazo do Parlamento, 11 de abril de 2014

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
María Quintas Alvarez
Manuel Vázquez Fernández
Concepción Burgo López

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 12:33
Nº Rexistro: 22175
Data envio: 11/04/2014 12:33:38.544

Grupo Parlamentario

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Acuña do Campo na data 11/04/2014 12:13:19

María Remedios Quintas Álvarez na data 11/04/2014 12:13:25

Manuel Vázquez Fernández na data 11/04/2014 12:13:30

María Concepción Burgo López na data 11/04/2014 12:13:36

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 12:35
Nº Rexistro: 22176
Data envio: 11/04/2014 12:35:23.873

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Carmen Acuña do Campo, María Quintas Alvarez, Manuel Vázquez Fernández e Concepción Burgo López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Compañía da RTVG**.

A normativa aprobada , en xaneiro, pola Dirección da CRTVG segundo a cal a empresa pode vixiar os sitios web que se consultan e as mensaxes que se envían e que reciben nas súas contas corporativas, os traballadores e as traballadoras do ente, foi denunciada, polo sindicato maioritario ante o TSXG, por considerala un "exercicio abusivo do control empresarial".

O responsable da compañía, nesta Cámara, xustificaba esa medida como algo habitual en moitas empresas. Aínda que, sen dúbida, o labor xornalístico ten matices especiais que a dirección debería ter tido en conta.

De feito , os e as xornalistas da TVG, explicaban a denuncia sinalando que a empresa con esa medida conculcaba a liberdade de prensa, o segredo profesional e a confidencialidade das fontes de información.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a dirección desa medida dende a súa implantación?
2. Cantas veces se ten utilizado, con quen e para que?
3. Foi positiva e mellorou o ambiente de traballo na CRTVG?
4. Que outras compañías públicas aplican esa norma?

Pazo do Parlamento, 11 de abril de 2014

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
María Quintas Alvarez
Manuel Vázquez Fernández
Concepción Burgo López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 12:35
Nº Rexistro: 22176
Data envio: 11/04/2014 12:35:23.873

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Acuña do Campo na data 11/04/2014 12:13:57

María Remedios Quintas Álvarez na data 11/04/2014 12:14:04

Manuel Vázquez Fernández na data 11/04/2014 12:14:09

María Concepción Burgo López na data 11/04/2014 12:14:18

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 12:35
Nº Rexistro: 22177
Data envío: 11/04/2014 12:35:53.811

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Carmen Acuña do Campo, María Quintas Alvarez, Manuel Vázquez Fernández, Carmen Gallego Calvar, Juan Carlos González Santín e Concepción Burgo López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Compañía da RTVG**.

Que en Galicia hai moitos afectados polas preferentes, sen dúbida, xa non é noticia.

Que, sen dúbida, o Goberno non lle está dando o mesmo trato aos prexudicados por este produto trampa, segundo sexan vítimas de Bankia ou das extintas caixas galegas, si pode selo.

E que o PP os estea enganando, dicindo unha cousa en Galicia e outra en Madrid, dende logo.

O pasado 8 de abril, na Comisión de Economía do Congreso, o PP rexeitou coa súa maioría absoluta unha proposta para devolverlle o diñeiro aos afectados e afectadas galegas polas preferentes que aínda non o recuperaron (ao redor de 35.000 persoas) cando esa mesma proposta foi votada a favor polo PP galego, cando se formulara neste Parlamento.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Que razóns tivo a TVG para non recoller nada disto nos seus informativos ?

Pazo do Parlamento, 11 de abril de 2014

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
María Quintas Alvarez
Manuel Vázquez Fernández
Carmen Gallego Calvar
Juan Carlos González Santín
Concepción Burgo López

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 12:35
Nº Rexistro: 22177
Data envio: 11/04/2014 12:35:53.811

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Acuña do Campo na data 11/04/2014 12:15:30

María Remedios Quintas Álvarez na data 11/04/2014 12:15:36

Manuel Vázquez Fernández na data 11/04/2014 12:15:43

María Carmen Gallego Calvar na data 11/04/2014 12:15:48

Juán Carlos González Santín na data 11/04/2014 12:15:53

María Concepción Burgo López na data 11/04/2014 12:16:06

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 16:30
Nº Rexistro: 22190
Data envio: 11/04/2014 15:02:47.282

GRUPO PARLAMENTAR AGE Alternativa Galega de Esquerda

anova · espazo ecosocialista galego · EQUO

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Antón Sánchez García, deputado do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA PARA A SÚA RESPOSTA ORAL NA COMISIÓN,** relativa a EDAR de Gandarío.

O proxecto da EDAR de Gandarío infrinxe gravemente as disposición urbanísticas da lei do solo respecto dos requisitos das edificacións en solo rústico.

O propio arquitecto municipal elevou consultas á Xunta de Galicia para aclarar "certas dúbidas" relativas ao proxecto construtivo da EDAR de Gandarío, remitido ao Concello en datas recentes.

a teor das manifestacións do propio arquitecto son auténticos incumprimentos da normativa urbanística ao infrinxir o proxecto as disposicións que a Lei 9/2002, LOUG, establece para as edificacións en solo rústico (clase de solo na que se localiza a EDAR).

A depuradora de Gandarío non cumpre co artigo 42 (Condicións xerais das edificacións no solo rústico) da Lei 9/2002 de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, LOUG, en relación coa superficie de ocupación da parcela (limitada pola LOUG a un máximo do 60%). Ao mesmo tempo incumpre a obriga de que "Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo...As condicións de abancalamento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos""Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 16:30
Nº Rexistro: 22190
Data envio: 11/04/2014 15:02:47.282

menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas"

En contra de ditas disposicións legais, de obrigado cumprimento, o proxecto prevé unha alteración da rasante natural do terreo, creando unha rasante artificial sobre-elevada, co cal a depuradora non se construirá semisoterrada, senón máis ben semielevada. De feito, a altura total resultante da edificación podería achegarse aos oito metros. Este punto contravén tamén un acordo plenario municipal de 2.006 onde se acordaba que a instalación da depuradora tería que ser semisoterrada, precisamente para causar o mínimo impacto visual posible.Neste sentido debemos advertir de que o proxecto construtivo contempla a construción dunha escolleira de pedra de considerable altura na zona que da ao río.

Tendo en conta que o proxecto construtivo da EDAR de Gandarío entra en grave contradición coa lexislación urbanística vixente e o comezo desta obra anunciado coma "inminente" pola Xunta de Galicia, o que podería traer graves consecuencias legais no futuro

Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte pregunta para resposta oral en comisión:

1) Ten pensado a Xunta de Galicia modificar o proxecto construtivo para adaptarse á normativa urbanística?

2)Contempla o cambio da súa ubicación polos incumprimentos da lexislación urbanística, así coma os seus riscos ambientais?

Compostela, 11 de abril do 2014.

Asdo. Antón Sánchez Pérez

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2014 16:30
Nº Rexistro: 22190
Data envio: 11/04/2014 15:02:47.282

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 11/04/2014 15:02:10

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2014 10:41
Nº Rexistro: 22199
Data envío: 14/04/2014 10:41:46.584

GRUPO PARLAMENTAR AGE Alternativa Galega de Esquerda

anova

espazo ecosocialista galego

EQUO

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, **Ramón Vázquez Díaz** e **Antón Sánchez García** deputada e deputados do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA),** ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Pregunta** para resposta oral en **Comisión,** sobre os anuncios de caza de especies ameazadas en parques naturais.

O recente anuncio da Consellería de Medio Ambiente de permitir a caza de varios exemplares dunha subespecie cualificada como "vulnerable" segundo a listaxe vermella da UICN, comité recoñecido no eido internacional na protección de especies animais e vexetais sorprende.

A caza non se pode considerar un elemento regulador dos ecosistemas, e moito menos se pode dar credibilidade aos argumentos que expón a Consellería para xustificar a matanza de animais silvestres, xa que non existe ningunha necesidade que xustifique as batidas, agás o interese económico que poida haber detrás de determinados grupos de presión.

Aplicar as teorías prebiolóxicas e que en ningún caso respostan aos criterios que grandes pensadores entenderon por regulación das especies a Xunta atrae as pseudocrenzas de que un cartucho é un elemento proecoloxía e prodesenvolvemento axeitado dos animais silvestres, e así seguir mantendo o apoio á colectivos procinexéctixos.

Tomando como referencia as argumentacións do goberno de seguro que ficará ben pouco ata que se autorice a caza dentro de instalación zoolóxicas, atendendo a criterios de desenvolvemento das especies en espazos de certa protección.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2014 10:41
Nº Rexistro: 22199
Data envio: 14/04/2014 10:41:46.584

Ante estes feitos **Alternativa Galega de Esquerda** pregunta:

- Qué necesidade existe para autorizar a caza nun parque natural dun animal ameazado?

- Cantos encontros e reunións tiveron responsables e técnicos da Consellería de Medio Ambiente con colectivos procaza nos anos 2012 e 2013, e cantos no que transcurriu 2014? Cantos encontros con colectivos en defensa dos animais mantivo nese mesmo espazo de tempo? E con qué organizacións en todolos casos?

- Cal foi a inversión pública realizada para facilitar a reintroducción do animal no territorio galego?

Compostela, 11 de abril de 2014.

Asdo. Eva Solla Fernández

Ramón Vázquez Díaz

Antón Sánchez García

Deputada e deputados do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 14/04/2014 10:40:05

Ramón Vázquez Díaz na data 14/04/2014 10:40:11

Antón Sánchez García na data 14/04/2014 10:40:21

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2014 10:52
Nº Rexistro: 22202
Data envio: 14/04/2014 10:52:40.400

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Rodas Chapela e **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á adopción de medidas por parte da Consellaría de Medio Rural e Mar co obxecto de enfrontar a situación de estrangulamento económico no cultivo de mexillón, o que está a provocar a venda de viveiros flotantes.

A actividade do cultivo do mexillón durante o ano 2013 sufriu diversas adversidades que influíron negativamente no proceso de cultivo e na comercialización. Diversos episodios de biotoxinas tiveron lugar nas principais datas do ano: Semana Santa, agosto e outubro, o que provocou que nos momentos de maior demanda de produto os principais polígonos de cultivo permaneceran pechados. A elo hai que sumarlle os temporais do outono-inverno có cal unha parte significativa dos bivalvos acabaron no fondo do mar.

Dende que no ano 2007 se levou a cabo o Tratado de Libre Comercio entre Chile e a UE, xunto coa liberalización de inversións españolas neste país, o mexillón galego ven sufrindo unha forte competencia, sobre todo no produto elaborado para conserva. Unha competencia importante que provocou que o modelo galego se modificase destinándose na actualidade máis do 60% para consumo en fresco mentres que para conserva vai menos do 40%.

Esta situación de presión está mudando este ano, provocado polo desabastecemento de semente que está tendo a produción chilena, isto ten como

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2014 10:52
Nº Rexistro: 22202
Data envío: 14/04/2014 10:52:40.400

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consecuencia que o nivel de produción sexa sensiblemente inferior ao de anos procedentes o que está a xerar unha elevada demanda por parte do sector transformador.

Esta demanda non sempre pode ser atendida, dado que o ano pasado os procesos de peches administrativos e o mal tempo provocaron un retraio importante na recolección de mexilla, o que está a provocar un retraio no cultivo e engorde do bivalvo. Polo que é de esperar unha campaña moito máis retraída que en anos anteriores e con unha produción claramente inferior.

Esta situación de alta demanda do mexillón contrasta coa situación financeira que está a atravesar o sector. Cada vez é máis habitual encontrar anuncios nas axencias inmobiliarias de que se venden bateas, e os prezos que se barallan son moi inferiores aos que se alcanzaban non hai moito tempo. Esta situación debería facernos reflexionar sobre a situación que está a pasar o sector, da política que se desenvolveu de apoio e subvencións e a situación actual de estrangulamento económico, ao faltar o creto, ao non ter avales da compra e ao pagar "tarde, mal e arrastro", provocando que moitos dos propietarios acaban escollendo a opción de venda.

A política de apoio ao sector debería estar regulada e controlada en base a criterios de mantemento e de garante do dereito a poder ser cultivador, pois debemos lembrar que é unha concesión pública para a explotación dun recurso e que a mesma pertence a Xunta de Galicia.

Estas son as razóns polas que formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.- Ten detectado a Consellaría de Medio Rural e do Mar un incremento significativo na venda de bateas? A que cree que é debida esta situación?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2014 10:52
Nº Rexistro: 22202
Data envío: 14/04/2014 10:52:40.400

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.- Que medidas está a adoptar a Consellaría ante problemas de peches administrativos, temporais, caída de vendas, competencia de importacións, etc, que están a causar elevadas perdas económicas e dificultades de mantemento da actividade produtiva para que o sector manteña a súa fortaleza e sexa capaz de enfrontar estas situacións?

3.- Que criterios considera a consellaría que deberían adoptarse para que, ante esta situación de crise que provoca a venda dos viveiros, non acaben concentrándose nunhas poucas mans?

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2014

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**
Deputado do G.P. do BNG
Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 14/04/2014 10:27:49

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 14/04/2014 10:27:57

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2014 11:15
Nº Rexistro: 22206
Data envío: 14/04/2014 11:15:52.753

Á MESA DO PARLAMENTO:

Antón Sánchez García, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento de dita Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para resposta oral en **Comisión**.

O Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda ten coñecemento de conflitos na vila do Baño (Cuntis) en razón da propiedade e uso de burgas entre a veciñanza e propietarios dun balneario, concretamente Termas de Cuntis, SL.

Tense constituido unha "Plataforma veciñal na recuperación do patrimonio termal", que está a defender a propiedade pública das burgas fronte ao intento de apropiación por parte do balneario de mananciais que se atopan en solo público.

Durante décadas o uso que facía o balneario destes mananciais e os usos da veciñanza foron compatíbeis, aínda que con casos puntuais de conflitos, polo mesmo motivo que agora se dá.

O Concello de Cuntis aprobou por unanimidade abrir un proceso de investigación co obxecto de dilucidar a titularidade de certos mananciais (entre os que se atopa o denominado Lume de Deus). Este proceso acórdase por unanimidade do pleno municipal, en sesión celebrada o 27 de novembro de 2013. En pleno así mesmo de 28 de marzo de 2014 acordouse por unanimidade abrir un proceso para conseguir a declaración BIC (Ben de Interese Cultural) do entorno das Burgas.

A "Plataforma veciñal pola recuperación do patrimonio termal" rexistrou alegacións, perante a Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria, Educación e Cultura e o propio Concello de Cuntis, polo proxecto de saneamento integral da Burga Lume de Deus, proxecto que supón a alteración do uso tradicional da burga, no que defende a titularidade pública de dita Burga, fronte aos argumentos da empresa que considera que é titularidade privada.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2014 11:15
Nº Rexistro: 22206
Data envio: 14/04/2014 11:15:52.753

Por todo isto o deputado que subscrebe do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda formula a seguinte pregunta para a súa resposta en comisión:

1) Existindo dereitos de aproveitamento (históricos e inmemoriais) da burga Lume de Deus por parte da veciñanza, e atopándose dita fonte en dominio público, por qué a Consellaría de Economía e Industria aproba ese proxecto omitindo publicidade e audiencia aos interesados?

2) Sendo evidente e indiscutible o carácter de patrimonio cultural (etnográfico, arqueolóxico e singular) da burga Lume de Deus e dos lavadoiros públicos termais, alertando a propia Plataforma Veciñal da existencia de restos romanos, cómo a Consellaría de Economía e Industria dá autorización para facer ese "saneamento integral"?

3) Como se autoriza este tipo de actuacións cando se agrede non só un elemento identitario deste Concello (ao redor do cal desenvolve parte dos seus usos e costumes consuetudinarios), senón tamén a forma de uso que a cidadanía cuntiense fai desta fonte de auga termal dende tempo inmemorial?

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2014.

Asdo.: Antón Sánchez García
Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 14/04/2014 11:14:16

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2014 11:27
Nº Rexistro: 22207
Data envio: 14/04/2014 11:27:37.476

Á MESA DO PARLAMENTO:

Antón Sánchez García, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para resposta oral en **Comisión.**

A comezos do mes de abril deste mesmo ano, a *Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia* facía público un informe sobre a "proposta de orde pola que se aproban os parámetros retributivos das instalacións tipo aplicables a determinadas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovábeis, coxeración e residuos, e se establece a metodoloxía de actualización da retribución á operación".

Esta nova proposta vai na liña marcada polo Partido Popular co anterior Real Decreto-lei 9/2013, de 12 de xullo, polo que se adoptan medidas urxentes para garantir a estabilidade financeira do sistema eléctrico. É dicir, segue a favorecer o tiránico oligopolio dun puñado de empresas que dominan o mercado enerxético de todo o Estado español mentres penaliza aos pequenos produtores de enerxía renovábel e, por extensión, ao medio ambiente e á cidadanía do común.

Un dos aspectos máis sangrantes desta nova orde atópanse no axuste das primas. As estimacións que os expertos están facendo son moi claras: en termos económicos comparativos (respecto do escenario actual) a perda económica media en primas sería do 33,72% para a produción eólica (nalgunhas IT chega ao 81%), do 92,60 % para a produción hidraulica e do 37,40 % para a coxeneración de residuos-Sogama (no caso de Sogama, sub-grupo C1, superior ao 50%).

Evidentemente, isto pode supor o remate final para un sector moi golpeado xa dende o principio da crise e que sobrevive grazas á vontade de moitos cidadáns e cidadás que se encontran en situacións moi difíciles. Ademais, tampouco somos alleos ao impacto que vai ter na propia Sogama, a cal pode

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2014 11:27
Nº Rexistro: 22207
Data envio: 14/04/2014 11:27:37.476

repercutir as súas perdas en axudas nun incremento do canon que pagamos os cidadáns e cidadás galegas.

No informe da "Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia" consta que tanto Xunta de Galicia coma Sogama presentaron alegacións a éste proxecto.

En atención ao referido, o deputado que subscrebe formula a seguinte pregunta para resposta oral en comisión:

1) Cal foi o contido das alegacións presentadas ante a "proposta de orde pola que se aproban os parámetros retributivos das instalacións tipo aplicables a determinadas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovábeis, coxeración e residuos, e se establece a metodoloxía de actualización da retribución á operación" por parte da Xunta de Galicia e Sogama?

2) Considera a proposta de orde perxudicial para o futuro desenvolvemento das enerxías renováveis en Galiza?

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2014.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 14/04/2014 11:26:22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2014 11:41
Nº Rexistro: 22211
Data envío: 14/04/2014 11:41:58.450

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á presenza do galego no cinema.

Coa finalidade de avaliar a situación do galego no cinema e as medidas que ten previsto adoptar a Xunta de Galiza ante unha flagrante discriminación da nosa lingua, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Cal foi o número de filmes que puido verse nas pantallas de cinema nas salas comercias da Galiza nos anos 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013 (datos por cada ano?

-Como valora a Xunta de Galiza esta situación?

-Considera a Xunta de Galiza que se garanta o dereito a ver cinema na lingua propia da Galiza?

-Que medidas ten previsto adoptar contra esta clara discriminación do galego?

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2014

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**
Deputada do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2014 11:41
Nº Rexistro: 22211
Data envio: 14/04/2014 11:41:58.450

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 14/04/2014 11:35:05

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2014 12:15
Nº Rexistro: 22216
Data envío: 14/04/2014 12:15:34.370

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e **Cosme Pombo Rodríguez**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás actuacións que ten previsto realizar a Xunta de Galiza en relación coas deficiencias e problemas do CEIP de Predouzos (Brión).

O Goberno Galego difunde por terra, mar e aire a idea de que é o goberno que máis inviste en gasto social. Seguindo esta mesma liña argumental, aseguran que son capaces de facer máis con menos, é dicir, encarnan a versión moderna da multiplicación dos pan e os peixes. Porén a realidade existe alén da propaganda e por desgraza os recortes están afectando a dereitos fundamentais como e o da educación. Recortes que non só inciden en ter menos profesorado ou no recorte de servizos e dereitos como a gratuidade dos libros de texto, senón que afectan mesmo ás labores de mantemento e conservación dos centros.

Un dos centros afectados por esta situación é o Ceip de Pedrouzos. A comunidade escolar denuncia que existen pingueiras en distintas dependencias, filtracións, falsos teitos estragados pola acumulación de auga, luminarias caídas, empozamentos que inutilizan algún dos accesos ó patio de recreo dos máis pequenos, tubaxes oxidadas que fan imposible consumir auga da billa, depósito de gas inutilizado por fugas, ascensor inutilizador por inundación… son só algúns dos danos que sofre o Ceip de Pedrouzos, en Brión. O pavillón de Primaria ten preto de 30 anos, pero as dependencias de Infantil, con apenas cinco dende a súa posta en funcionamento, son as que precisan una intervención máis urxente.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2014 12:15
Nº Rexistro: 22216
Data envio: 14/04/2014 12:15:34.370

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estes feitos son de sobra coñecidos pola Administración educativa que non ten dado unha resposta acaída. De feito existe unha crítica de pais e nais pola negativa da consellaría de Educación a dar prazos concretos para arranxar os problemas que se teñen detectado.

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), sumamos a nosa voz a esta reclamación. Investir en educación é investir en futuro, nun país máis xusto e igualitario. Consideramos que as instalacións educativas deben ter unhas condicións dignas que permitan un desenvolvemento desta etapa o máis frutífero posíbel. Estas condicións non se dan hoxe neste centro, debe ser esta unha prioridade clara do Goberno Galego.

Polo dito formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

-Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre as deficiencias e problemas que ten o CEIP de Pedrouzos, denunciadas pola comunidade educativa?

-En que prazo ten previsto a Xunta de Galiza arranxar as mesmas?

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2014

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Cosme Pombo Rodríguez

Deputada e deputado do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2014 12:15
Nº Rexistro: 22216
Data envio: 14/04/2014 12:15:34.370

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 14/04/2014 12:10:10

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 14/04/2014 12:10:37

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2014 12:20
Nº Rexistro: 22217
Data envio: 14/04/2014 12:20:58.294

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e **Tereixa Paz Franco**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao uso da lingua galega na administración de Xustiza.

1. Que avaliación realiza a Xunta de Galiza sobre a situación da lingua galega no ámbito da administración de Xustiza?

2. Ten datos a Xunta de Galiza sobre cantos actos xurídicos se teñan realizado en galego, así como a súa porcentaxe en relación co total ns anos 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013?

3. Que avaliación realiza a Xunta de Galiza sobre a o cumprimento da Lei de Normalización Lingüística no relativo á administración de xustiza?

4. Ten constancia a Xunta de Galiza sobre cantos xuízos rápidos se teñen tramitado en galego, por escrito, no ano 2010, 2011, 2012 e 2013?

5. Ten datos a Xunta de Galiza sobre cantas notarías empregan o galego de xeito habitual?

6. Ten datos a Xunta de Galiza sobre as diferenzas –en canto a tempo- de reposta por parte de moitas notarías cando se solicitan actos notariais en galego?

7. ten datos sobre cantas xuíces, xuízas, maxistradas ou fiscais empregan de xeito habitual a lingua galega na súa actividade xudicial?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2014 12:20
Nº Rexistro: 22217
Data envio: 14/04/2014 12:20:58.294

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

8. Que avaliación ten realizado a Xunta de Galiza sobre a aplicación das medidas previstas no Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega no ámbito da xustiza?

9. Que medidas ten previsto adoptar o Goberno Galego para normalizar a lingua galega na administración de xustiza?

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2014

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Tereixa Paz Franco

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 14/04/2014 12:20:25

María Tareixa Paz Franco na data 14/04/2014 12:20:30

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2014 13:22
Nº Rexistro: 22223
Data envio: 14/04/2014 13:22:44.661

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á aplicación práctica do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega e a presentación ante o Parlamento das medidas ao efecto.

O Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega foi aprobado por unanimidade deste Parlamento hai case unha década. Foi un acordo relevante de todas as forzas políticas e axentes sociais e poñía de manifesto unha vontade de avanzar no necesario proceso de normalización da lingua galega.

Unha das previsións do Plan tiñan a ver co establecemento de procedementos de seguimento, avaliación e control do PXNLG e a necesaria información ao Parlamento Galego. Concretamente indicábaselle á Xunta de Galiza que debería presentar ante o Parlamento a programación anual para o desenvolvemento do mesmo.

Porén o Goberno da Xunta de Galiza incumpre sistematicamente os mandatos establecidos polo Parlamento en relación co Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega.

Polo dito formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

-Coñece a Xunta de Galiza as resolución aprobadas de xeito unánime pola Cámara Galega en 21 de setembro de 2014 en relación coa aplicación e seguimento do Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2014 13:22
Nº Rexistro: 22223
Data envio: 14/04/2014 13:22:44.661

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-En caso afirmativo, que razóns levan a Xunta de Galiza a incumprilas de xeitos sistemático?

-Ten previsto a Xunta de Galiza establecer os procedementos de seguimento, avaliación e control do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, informando con regularidade ao Parlamento? En que data?

-Ten previsto a Xunta de Galiza presentar ante o Parlamento de Galiza a programación anual para o desenvolvemento das medidas propostas no Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega? En que data?

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2014

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 14/04/2014 13:10:24

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2014 13:40
Nº Rexistro: 22231
Data envio: 14/04/2014 13:40:09.090

GRUPO PARLAMENTAR AGE Alternativa Galega de Esquerda

anova · esquerda ecosocialista galego · equo

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez e Eva Solla Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na comisión,** relativa ao financiamento do tratamento médico con Sofosbuvir.

O sofosbuvir é un medicamento inhibidor no tratamento da hepatite C crónica en adultos, que se emprega combinado con outros antivirais. Este medicamento xa recibiu a autorización da comisión europea.

O SERGAS, como acredita un informe emitido polo CHUAC en marzo, solicitou este medicamento para a súa dispensación a doentes que agardan un transplante de fígado, facendo constar que dispón da carta de autorización dende 4 de febreiro, data dende a que se agarda resposta sobre o financiamento deste fármaco; resposta que se demora por parte da farmacia hospitalaria.

Este grupo parlamentar quere significar que nos atopamos diante dun economicismo que xoga coa vida de doentes. Circunstancia xa advertida e denunciada en demasiadas ocasións e que tórnase a repetir. Esta demora economicista xa está a causar danos á saúde dos doentes autorizados a tomar este fármaco; esta demora economicista pode converterse nunha neglixencia criminal. Urxe que a Xunta de Galicia proporcione este medicamento aos doentes que o teñen prescrito e se faga cargo dos custes do mesmo.

En atención ao sinalado, o grupo parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral na comisión:

- Que prazos de urxencia manexa a Xunta para garantir a dispensación efectiva e gratuita do sofosbuvir aos doentes que o teñen prescrito?
- Que explicación pode proporcionar a Xunta deste retraso? Cantos euros estima a Xunta de Galicia que vale a pena "aforrar" contra a saúde da nosa cidadanía?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2014 13:40
Nº Rexistro: 22231
Data envio: 14/04/2014 13:40:09.090

Compostela, 14 de abril do 2014, no octoxésimo terceiro aniversario da proclamación da II República.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Eva Solla Fernández

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 14/04/2014 13:38:34

Yolanda Díaz Pérez na data 14/04/2014 13:38:46

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2014 09:43
Nº Rexistro: 22236
Data envío: 15/04/2014 09:43:28.407

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Mª Soledad Soneira Tajes, José Luis Méndez Romeu, Pablo García García e Concepción Burgo López, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa tramitación en Comisión non permanente de Asuntos Europeos.**

O presidente da Xunta de Galicia vén de asinar recentemente un programa de mobilidade de docentes, investigadores e persoal administrativos e de servizos entre as universidades galegas e distintas universidades portuguesas do ámbito xeográfico da rexión Norte de Portugal. Este programa inscríbese nunha das accións da rexión transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal.

As deputadas e os deputados asinantes preguntan a Xunta de Galicia:

Considera a Xunta de Galicia que un programa desta natureza ten financiamento suficiente para que os obxectivos aos que se aspira acaden resultados positivos?

Pazo do Parlamento, 14 de abril de 2014

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajes na data 15/04/2014 09:40:01

José Luís Méndez Romeu na data 15/04/2014 09:40:14

Pablo García García na data 15/04/2014 09:40:22

María Concepción Burgo López na data 15/04/2014 09:40:28

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2014 09:48
Nº Rexistro: 22238
Data envío: 15/04/2014 09:48:02.088

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Mª Soledad Soneira Tajes, José Luis Méndez Romeu, Pablo García García e Concepción Burgo López, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa tramitación en Comisión non permanente de Asuntos Europeos.**

A eurorexión Galicia-Norte de Portugal anunciou a creación dun programa de becas de intercambio, moi semellante ó coñecido programa Erasmus, para alumnos de ámbalas dúas comunidades. O importe da beca sería de 400 euros ao mes durante o trimestre de aplicación do programa e mesmo sería de aplicación ao profesorado que, neste caso, recibirían 500 euros por unha estadía dunha semana.

As deputadas e os deputados asinantes preguntan a Xunta de Galicia:

Que avaliación fai a Xunta de Galicia da resposta, por parte do alumnado e profesorado universitario galego, deste programa posto en marcha pola rexión Galicia-Norte de Portugal?

Pazo do Parlamento, 14 de abril de 2014

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajes na data 15/04/2014 09:45:53

José Luís Méndez Romeu na data 15/04/2014 09:46:07

Pablo García García na data 15/04/2014 09:46:14

María Concepción Burgo López na data 15/04/2014 09:46:20

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2014 10:54
Nº Rexistro: 22244
Data envío: 15/04/2014 10:54:43.182

GRUPO PARLAMENTAR AGE Alternativa Galega de Esquerda

anova · esquerda ecosocialista galega · equo

Á MESA DO PARLAMENTO

Juan Manuel Fajardo Recouso, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (AGE)**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión.**

O pasado 9 de abril o DOG publicaba a Orde de 31 de marzo pola que se regula a comercialización en orixe de especies eurihalinas de interese comercial. Esta orde está a provocar unha profunda preocupación no sector dos valeiros, afeitos a unhas peculiaridades e mercado alleo o que se pretende regular mediante a citada orde.

Son moitos os que anuncian que, de facerse obrigatoria este forma de venda, non poderán continuar con esta actividade, que otorga importantes ingresos ao colectivo pero tamén aos restaurantes e concellos das zonas de extracción. O afán recadatorio da consellería esquece as peculiaridades da venda destas especies, que en moitos casos redúcese a venda polo miudo de unha ou duas unidades por cliente, elemento que se faría imposible mediante o modelo plantexado na Orde, que parece unha vez máis tratar de favorecer ao sector dos intermediarios que aos profesionais do mar.

Polo exposto formulamos a seguinte pregunta, para a súa resposta oral en **Comisión:**

Ten previsto a consellería entablar unha negociación que permita suavizar alguns dos requisitos da citada Orde cos colectivos afectados, tendo en conta as peculiaridades de determinadas zonas de estracción?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2014 10:54
Nº Rexistro: 22244
Data envio: 15/04/2014 10:54:43.182

En caso de persistir na iniciativa, ten previsto a consellería habilitar algún lugar de venda regulado, que permita aos traballadores do sector a venda das especies suxeito da Orde, nos portos onde non existen na actualidade lugares e venda autorizados?

Que motivos e obxectivos moven á consellería a adoptar esta iniciativa a escasos días do remate da campaña?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2014.

Asdo.: Juan M. Fajardo Recouso

Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Juán Manuel Fajardo Recouso na data 15/04/2014 10:53:54

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2014 12:01
Nº Rexistro: 22250
Data envío: 15/04/2014 12:01:12.145

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Rodas Chapela e **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á avaliación que realiza o Goberno de Galiza do Plan de Recuperación de Zonas improdutiva para o marisqueo a pé.

No ano 2010 a conselleira do Mar, Rosa Quintana, anunciaba o compromiso do seu departamento para elaborar as bases dun Plan de de Zonas Improdutivas, que tiña como finalidade a recuperación dos bancos marisqueiros de baixa produtividade, para lograr un aumento da superficie cultivada e incentivar o incremento da produción de moluscos dada a alta demanda dun mercado interno que cada día consume maior cantidade de bivalvos frescos, o que permitirá dar á sociedade galega postos de traballo para "moitas mulleres e homes que o están necesitando".

A conselleira apelaba daquela á colaboración das representantes das 38 agrupacións de mariscadoras de Galicia para que "xuntas" conseguiran recuperar aqueles niveis de mariscadoras que houbo cando empezaron. Falaba a conselleira de 20.000 persoas, en referencia a época nas que o sector estaba integrado por este número de mariscadoras, antes da súa profesionalización na década dos 90.

Este Plan de Recuperación de Zonas Improdutivas foi un recurso constantemente utilizado pola titular da consellería diante do sector, e igual valía para un plan experimental de recuperación dunha zona concreta que para agora mesmo presentar a Estratexia Galega de Acuicultura, onde novamente volve ser un dos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2014 12:01
Nº Rexistro: 22250
Data envio: 15/04/2014 12:01:12.145

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

referentes, intentando consolidar a súa evolución desde unha actividade de semicultivo a unha actividade profesional.

Na mesma Estratexia volve considerar unha serie de medidas a adoptar, que ao noso entender xa deberían estar solventadas como: a elaboración dun plan de zonas improdutivas e saneamento das rías, a rexeneración das zonas degradadas, a mellora da capacidade de subministro de semente para poder cultivar e engordar o molusco, unha maior profesionalización das labores de cultivo, medidas para mellorar a comercialización, etc, para así conseguir unhas rendas dignas.

Polo tanto, estamos ante unha reedición dun compromiso, pero desta nova volta intentando vinculalo aos fondos europeos (FEMP). O BNG considera que o que habería que avaliar son os resultados deste compromiso dende o ano 2010, tanto no aspecto produtivo, de emprego, como, e sobre todo, a mellora da comercialización.

Estas son as razóns que nos levan a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

1.- Que avaliación realiza o Goberno de Galiza do Plan de Recuperación de Zonas improdutivas? Canta superficie se ten recuperado? En cantos quilos se ten aumentado a produción por zonas e especies? Onde está o Plan de Recuperación de zonas de baixa produtividade? Cales foron as medidas de seguimento dos resultados de cada actuación ?

2.- Cantas mariscadoras novas se teñen incorporado ao sector ? Que porcentaxe de mozas/os se teñen incorporado dende o ano 2010? Cal é a renda media das mariscadoras de Galiza neste último ano? Canto se incrementou con respecto ao ano 2010?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2014 12:01
Nº Rexistro: 22250
Data envio: 15/04/2014 12:01:12.145

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- No plano da comercialización, como se concentrou a oferta, a través de que empresas comercializadoras? Que quedou de aquela idea de crear unha empresa de comercialización adicada a venta directa?

4.- Xa que non podemos limitar a importación de marisco foráneo que medidas adoptou a consellaría para promover a identificación do autóctono? Que medidas se adoptaron contra a competencia de importacións de produtos de talla inferior a permitida para o sector extractivo?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2014

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**
Deputado do G.P. do BNG
Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 15/04/2014 11:58:40

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 15/04/2014 11:58:51

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2014 13:20
Nº Rexistro: 22258
Data envío: 15/04/2014 13:20:12.503

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Rodas Chapela e **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa a que si a Consellaría de Medio Rural e do Mar comparte os criterios de Bruxelas de que sobra flota pesqueira artesanal e que a galega debe reducir o seu esforzo pesqueiro polo que ben de aprobar axudas para á súa paralización definitiva.

Ven de publicarse a Orde do 3 de abril de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas á paralización definitiva dos buques pesqueiros afectados polo Plan de xestión integral da pesca de baixura no caladoiro nacional do Cantábrico-Noroeste, cofinanciadas nun 75% co Fondo Europeo de Pesca

Estas axudas van destinadas a embarcacións sometidas a plans de recuperación, plans de xestión, plan nacional de desmantelamento, medidas de urxencia da Comisión, medidas de urxencia do Estado membro, medidas dos estados membros dentro das 12 millas, aplicables unicamente aos buques pesqueiros que enarbolen o seu pavillón.

A finalidade desta orde é acatar as directrices de Bruxelas, no sentido de adaptar a nosa flota á dispoñibilidade dos recursos, non mediante mellores negociacións e un trato xusto, senón mediante a redución do esforzo pesqueiro,

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2014 13:20
Nº Rexistro: 22258
Data envio: 15/04/2014 13:20:12.503

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

asumindo como propio a obrigatoriedade de ter que reducir o número de embarcacións como principal piar dos fondos comunitarios que a actual consellaría subscribe, apoia e comparte.

Prantéxaselle unha solución individual ao armador, mentres as tripulacións quedan ao pairo para que as embarcacións galegas poidan servir de arrecifes artificiais ou de elementos folclóricos nas rotondas dos paseos marítimos, promocionando o que puido ser e acabou sendo a flota galega.

Estas son as razóns que nos levan a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

1.- Comparte a Consellaría de Medio Rural e do Mar o criterio de Bruxelas de que sobra flota pesqueira, e que a flota galega debe financiarse para que poida paralizarse definitivamente?

2.- Cal é a proporción entre o financiamento que leva o propietario da embarcación e os mariñeiros?

3.-Cantos fondos comunitarios se levan destinando a paralización definitiva da nosa flota e cantos barcos se levan despezados, canto tonelaxe e cantos empregos se teñen perdido?

4.- As embarcacións tradicionais son parte do noso patrimonio, diante disto que medidas está adoptando a consellaría para preservar dito patrimonio e non acabe nas rotondas?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2014 13:20
Nº Rexistro: 22258
Data envio: 15/04/2014 13:20:12.503

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5.- Que relación existe entre o número de solicitudes para a paralización definitiva e as escasas cotas que lle corresponden a Galiza

6.- Cal é o futuro que lle queda a pesca galega con este compromiso da actual consellaría? Acabar como arrecife artificial? Acabar como elemento artístico nunha rotonda?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2014

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**
Deputado do G.P. do BNG
Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 15/04/2014 13:18:56

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 15/04/2014 13:19:02

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2014 11:36
Nº Rexistro: 22096
Data envío: 10/04/2014 11:36:58.017

Á Mesa do Parlamento

Os deputados e deputadas abaixo asinantes, membros do **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, de acordo co artigo 51 do Regulamento da Cámara, solicitan a **constitución dunha Comisión especial non permanente de estudo sobre os ingresos e o sistema de financiamento da Comunidade Autónoma de Galicia**, en base ás seguintes consideracións:

Os ingresos da nosa Comunidade conforman, sen dúbida, unha das cuestións fundamentais e cun futuro mais relevantes, posto que delas dependerá o poder levar a cabo as competencias e funcións encomendadas e achegarase a un nivel superior de prestacións nos servizos básicos a prestar á cidadanía.

Os ingresos van a resultar redefinidos no actual exercicio do 2014, xa que este ano é o previsto para proceder á modificación do actual sistema de financiamento xeral das comunidades autónomas; ao tempo que, a súa vez, se une o anuncio do Goberno central de levar adiante unha profunda reforma fiscal, que – segundo se anuncia - introducirá cambios relevantes e que abarcará mesmo ao ámbito dos ingresos propios de Galicia.

O informe encargado polo "Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas" a un grupo de expertos, reflectía xa diversas modificacións na liña de restar competencias no ámbito impositivo ás comunidades autónomas, así como de fixar unhas atribucións para os poderes autonómicos en exceso delimitados pola propia Administración central.

Dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia xa se presentaran iniciativas parlamentarias para conseguir que a Xunta de Galicia remitise á Cámara a súa posición sobre o financiamento autonómico, de tal xeito que puidera ser analizado polo conxunto de forzas políticas e mesmo se posibilitase realizar suxestións ou melloras, co obxectivo de poder acadar unha postura común que lograse o apoio o máis amplo posible.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2014 11:36
Nº Rexistro: 22096
Data envio: 10/04/2014 11:36:58.017

Este debera ser un obxectivo compartido por todos os grupos parlamentarios.

A súa vez a constitución dunha Comisión parlamentarias non permanente para o estudo sobre os ingresos e o sistema de financiamento da Comunidade Autónoma de Galicia, faría posible a comparecencia de toda unha serie de expertos ou axentes das organizacións mais representativas, que axudarían a conformar os principios e demandas a defender dende Galicia, nunha visión o máis ampla e completa posible.

Esta comisión debera levar adiante os seus traballos nun período de tempo limitado e non demasiado longo, tal e como aconteceu con outras comisións parlamentarias non permanentes recentemente constituídas.

Por todo o anterior, os deputados e as deputadas do Grupo parlamentario dos Socialistas de Galicia, solicitan a **constitución dunha Comisión non permanente para o estudo dos ingresos e o sistema de financiamento da Comunidade Autónoma de Galicia.**

Pazo do Parlamento, 10 de abril de 2014

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 10/04/2014 11:32:53

María Carmen Gallego Calvar na data 10/04/2014 11:33:03

Pablo García García na data 10/04/2014 11:33:14

María Remedios Quintas Álvarez na data 10/04/2014 11:33:21

Juán Carlos González Santín na data 10/04/2014 11:33:30

María Soledad Soneira Tajes na data 10/04/2014 11:33:39

María Concepción Burgo López na data 10/04/2014 11:33:50

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2014 11:36
Nº Rexistro: 22096
Data envio: 10/04/2014 11:36:58.017

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Abel Fermín Losada Álvarez na data 10/04/2014 11:33:58

Manuel Vázquez Fernández na data 10/04/2014 11:34:05

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 10/04/2014 11:34:14

Raúl Fernández Fernández na data 10/04/2014 11:34:27

Beatriz Sestayo Doce na data 10/04/2014 11:34:42

José Manuel Gallego Lomba na data 10/04/2014 11:34:52

María Carmen Acuña do Campo na data 10/04/2014 11:35:00

José Antonio Sánchez Bugallo na data 10/04/2014 11:35:09

José Ramón Val Alonso na data 10/04/2014 11:35:15

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/04/2014 11:35:17

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 10/04/2014 11:35:19

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727